



PLAN DE CONVIVENCIA E BENESTAR

CEIP PLURILINGÜE ROSALÍA DE CASTRO

REVISIÓN

nº : 1

Data:

06/2024

Este documento intégrase no PEC e resulta coherente coas súas directrices.

Ten en conta as propostas do claustro.

Foi elaborado polo equipo directivo en colaboración co DO e informado polo consello escolar.

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 29/06/2020

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO ESCOLAR: 29/06/2020

DATA 1ª REVISIÓN: 27/06/2024

DATA 2ª REVISIÓN:

O plan de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica. **A concreción anual do mesmo incluírase na PXA.**

As normas de organización e funcionamento do centro incluírán as normas de convivencia que garanten o cumprimento do plan de convivencia. Recollerán, ademais, a organización dos espazos e dos tempos, así como a distribución dos recursos, para favorecer unha convivencia positiva no centro educativo.

CONTIDOS:

XUSTIFICACIÓN

MARCO LEGAL

1.- DIAGNOSE DO ESTADO DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

2.- OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA.

3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA.

4.- PROTOCOLOS.

5.- COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

6.- ESTRATEXIAS DE DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.

8. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.

XUSTIFICACIÓN

“Sen un ambiente de convivencia nos centros educativos baseado no respecto mutuo, non é posible dar cumprimento aos fins de educación nin permitir o aproveitamento óptimo dos recursos educativos que a sociedade pon á disposición do alumnado e, polo tanto, das familias”.

- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

O informe para a UNESCO da Comisión Internacional sobre a Educación para o século XXI, sinala a necesidade de que o alumnado aprenda na escola a convivir, coñecendo mellor aos demais e creando un espírito novo que impulse a realización de proxectos comúns e a solución pacífica e intelixente dos conflitos.

O centro educativo é un espazo privilexiado para a educación na convivencia, igualdade e respecto cara á diversidade.

A convivir apréndese convivindo e por tanto, nos centros educativos teñen especial trascendencia todos os procedementos que regulan o bo clima, a participación, a cooperación e a harmonía.

Lograr unha convivencia positiva incide directamente na mellora das relacións persoais de todos os membros da Comunidade Educativa, na forma de afrontar os conflitos.

A convivencia non é unicamente compartir un espazo físico senón tamén respectar as diferenzas e loitar pola igualdade.

A base da educación está na formación para a vida, por iso co noso traballo tratamos de concienciar a toda a Comunidade Educativa da necesidade de presentar a Convivencia, a Igualdade, a Interculturalidade e o Respeto polas diferenzas como valores que reflicten o mundo que os nosos nenos/as se van atopar máis alá das aulas.

Para fomentar un adecuado clima de convivencia e restablecela cando sexa necesario, queda recollido na seguinte normativa vixente.

MARCO LEGAL

- Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación (LODE).
- Ley Orgánica 3/2020, de 29 de diciembre, por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006, de 3 de mayo, de Educación.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.
- Orde do 31 de maio de 2023 pola que se renova a composición do Consello para a Convivencia Escolar na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros docentes de Galicia.

1.- DIAGNOSE DO ESTADO DE CONVIVENCIA DO CENTRO

1.1 Características do centro e o seu contorno.

O Colexio de Educación Infantil e Primaria Plurilingüe Rosalía de Castro está situado na localidade de “Carril”, no concello de Vilagarcía de Arousa, na provincia de Pontevedra, pertencente á Comarca do Salnés.

Vilagarcía de Arousa atópase na parte meridional da Ría de Arousa formando unha ampla enseada. Ten unha extensión de 47,14 km². Limita ao norte con Catoira, ao leste con Caldas de Reis e ao sur con Vilanova de Arousa. O extremo norte do concello, a parroquia de Bamio, sitúase xa na confluencia do río Ulla co océano mentres que no sur destaca o Monte Lobeira cunhas boas vistas de toda a baía.

A súa extensión repártase en parroquias: Arealonga (Santa Baia); Bamio (San Xens); O Carril (Santiago); Cea (San Pedro); Cornazo (San Pedro); Fontecarmoa (San Pedro); Rubiáns (Santa María); Sobradelo (San Salvador); Sobrán (San Martiño de Forá); Sobrán (San Martiño); Solobeira (San Fins); Vilagarcía (Santa Baia). Tamén se reparte en varios barrios: San Roque, San José, A Escardía, Espiñeira, Os Duráns, Castro, A Baldosa, Centro, A Maroma, As Bocas, Cornazo de Abaixo, A Xunqueira, Vilaboa, A Laxe, A Coca, O Piñeiriño, As Carolinas e A Florida.

Vilagarcía, capital da Ría de Arousa é porto natural de Santiago de Compostela. Polas súas características xeográficas, é un foco de atracción para moitas persoas, que escollen esta cidade para fixar a súa residencia, xa sexa primeira, segunda ou de vacacións. Segundo o padrón municipal, a súa poboación no ano 2010 era de 37.926 persoas, sendo a novena cidade galega en poboación e a terceira da provincia tras Vigo e Pontevedra.

Poucas cidades poden ofrecer unha situación e un clima como o que goza Vilagarcía, á beira do mar e sen temperaturas extremas, e ademais porto de interese xeral, estación do ferrocarril, acceso directo á autoestrada, aeroporto a media hora de camiño, hospital, recinto feiral, cámara de comercio, un rico patrimonio histórico-artístico, unha boa gastronomía, comercio tradicional e franquías internacionais, praia e porto deportivo, paseo marítimo, complexo polideportivo: piscina climatizada e pistas de atletismo, festas de interese turístico (Festa da Ameixa de Carril, Festa da Auga, procesión de San Roque, Combate Naval,...) e unha ampla e variada oferta lúdica, cultural e deportiva.

As principais actividades económicas da poboación son as relacionadas coa pesca, a acuicultura, agricultura, sector servizos e en menor medida coa industria mecánica. Supón tamén unha importante fonte de ingresos o sector turístico.

O centro acolle alumnado procedente tanto do núcleo urbano de Carril, como das parroquias de Bamio e Guillán.

Trátase dun CEIP público con dúas liñas, excepto en 4º e 5º de Educación Infantil, e 6º de Educación Primaria cunha soa liña (agás de facer falta un desdobre, como neste curso escolar 2023-24).

Os datos do centro son:

NOME: CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro

DIRECCIÓN: Rúa do Colexio, nº 16 - Carril 36610 – VILAGARCÍA DE AROUSA .

TELÉFONO: 886.159.061 ou 886.159.060

E-MAIL: ceip.rosalia.carril@edu.xunta.es

PAX WEB: www.edu.xunta.gal/centros/ceiprosaliacarril/

❖ **Alumnado**

Ao colexio de Educación Infantil e Primaria plurilingüe Rosalía de Castro acoden uns 282 alumnos/as procedentes do medio urbano de Carril e das parroquias de Bamio e Guillán.

A lingua vehicular maioritaria é o castelán.

Este centro ten alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que precisan unha resposta educativa con medidas e accións de atención á diversidade.

❖ **Familias**

As familias destes alumnos/as mostran un grao medio de interese e participación na vida do centro. A nivel xeral as familias colaboran en programas e actividades propostas dende o centro, interesándose polos problemas e dificultades dos seus fillos. Por todo isto pódese dicir, que os alumnos/as acoden motivados ao colexio, existindo un clima adecuado entre familias e mestres/as.

A maioría das familias son de clase media-baixa.

Existe un porcentaxe alto de familias en risco de exclusión social e de etnia xitana.

❖ **Profesorado**

O profesorado está formado por 27 mestras/es sendo todos eles (agás dúas) definitivos no centro.

A maioría do profesorado é de sexo feminino.

Tamén contamos xeralmente cun/cunha auxiliar de conversa, así como cun/cunha docente interina que imparte as clases de PROA+.

❖ **Persoal non docente** Este centro conta cun conserxe, dúas coidadoras e unha administrativa.

❖ **Servizos Complementarios**

➤ Plan Madruga.

➤ Transporte escolar. O alumnado é transportado gratuitamente, é recollido nas paradas fixadas. Para cada recorrido hai unha acompañante para manter a orde e colaboran na subida e baixada dos nenos/as, así como no tempo que dura o recorrido.

➤ Comedor. Conta cun comedor de xestión indirecta da Consellería. A responsable do comedor é a directora e na súa ausencia outro membro do Equipo Directivo. As vixilancias antes, despois e durante a comida son realizadas por colaboradores dependentes da empresa de catering. A directora do centro está a disposición das encargadas do comedor para solucionar calquera incidencia que xurda. Ademais, é a encargada de custodiar a saída do alumnado transportado.

1.2 Situación actual da convivencia

O alumnado do CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro está constituído por nenos/as comprendidos entre os 3 e os 12 anos.

No noso centro non existen graves problemas de convivencia. O clima do Centro é positivo e o sistema de relacións, dentro dos diferentes sectores da Comunidade educativa (profesores, alumnos e familias), é correcto e respectuoso, aínda que con excepcións.

O tipo de conduta problemática máis frecuente ten que ver con incumprimentos de deberes ou conculcación de dereitos de carácter leve.

Estes comportamentos eméndanse co diálogo e coa aplicación das correccións, que as NOF contempla para estes casos.

En determinadas aulas aparecen casos de alumnado con comportamentos disruptivos na aula, que impiden que a clase se desenvolva con normalidade. Debido á idade do noso alumnado, as medidas adoptadas sempre levan aparellada unha implicación de colaboración por parte das familias para que sexan efectivas.

As condutas máis reprobadas polo profesorado son as que teñen que ver co alumnado que amosa pouco interese, que non cumpre coas normas de comportamento en clase, que chega tarde, que non traballa, que non trae o material necesario, que distrae aos seus compañeiros, interrompendo a marcha normal da clase ou que directamente, non veñen a clase. Dáse unha importancia especial ao comportamento do alumnado que supoña falta de respecto aos profesorado, coidadora ou calquera adulto cando esta se acompaña dun enfrontamento público e pode implicar menoscabo da autoridade ante o resto dos compañeiros.

Tamén se concede importancia especial ás condutas que supoñan discriminación, racismo ou xenofobia, concretamente aquelas relacionadas coas agresións verbais, poñendo alcumes ou ridiculizando. Igual importancia se lle da ás normas de correcta permanencia durante o servizo de comedor escolar para favorecer a convivencia.

2.- OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA

2.1 Obxectivos xerais

Preténdese e márcanse como obxectivo fundamental o respecto aos demais desde que o alumnado accede ao centro no primeiro curso de Educación Infantil. O mellor xeito de previr a violencia e favorecer a convivencia é que formemos ao noso alumnado desde as idades máis temperás.

Polo tanto este Plan pretende:

1. Facilitar aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.
2. Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.
3. Fomentar os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.
4. Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizalos como fonte de experiencia e aprendizaxe.
5. Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.
6. Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.
7. Contribuír desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias clave, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.
8. Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia.
9. Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno.

2.2 Obxectivos específicos

1. Fomentar o respecto e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
2. Reducir ao mínimo as condutas disruptivas que pertuban o clima de clase para evitar a conflictividade e así diminuír as condutas máis graves.
3. Darlle prioridade á resolución dos conflitos de xeito formativo mediante a negociación, diálogo e o esforzo conxunto do profesorado e o alumnado.
4. Analizar as causas das condutas disruptivas e procurar resolvelas.
5. Educar aos noso alumnado nos valores de igualdade, tolerancia, solidariedade, cooperación, respecto, compromiso, responsabilidade e participación.
6. Sensibilizar, respectar e coñecer as diferentes culturas presentes na nosa escola.
7. Desenvolver programas de educación emocional e habilidades sociais dende as titorías, co axuda do departamento de orientación.

8. Desenvolver charlas, obradoiros para as familias para propiciar a colaboración familiar e o desenvolvemento da competencia social do alumnado.
9. Determinar accións no currículo e a organización do centro para facer máis eficaces os procesos de ensinanza e aprendizaxe, atención a diversidade, a xestión da aula e a acción tutorial.
10. Erradicar os prexuízos sexistas no centro e calquera outro comportamento machista.
11. Acordar e desenvolver medidas e programas para a detección, apoio e reforzo de alumnos con baixo rendemento académico e problemas de conduta e aprendizaxe e alumnos de risco social.
12. Elaborar e aplicar programas individuais de intervención ante problemas de conduta coa colaboración da familia e dos servizos e entidades pertinentes.
13. Establecer e seguir o protocolo de actuación cando se detecten situacións de acoso e ciberacoso (Protocolo de acoso escolar e ciberacoso).

A través dos obxectivos anteriores pretendemos conseguir:

- Mellorar o nivel de convivencia de toda a comunidade educativa.
- Favorecer a resolución construtiva e pacífica de conflitos.
- Previr a aparición de actos violentos dentro e fóra do centro escolar.
- Implicar ás familias nas actividades do centro.

3. ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA

3.1 Medidas preventivas e de sensibilización

O profesorado do centro e os titores/as mediante a acción tutorial e grazas ao permanente contacto co alumnado e a regular relación coas familias, serán os encargados de adoptar medidas educativas necesarias para prever os conflitos.

Contemplanse as seguintes medidas:

🕒 Actividades do principio de curso:

- Xornadas de acollida para alumnado de novo ingreso e de incorporación tardía.
- Dinámicas de cohesión grupal para mellorar os niveis de inclusión.

🕒 Actividades encamiñadas a facilitar a inclusión e a participación do alumnado:

- Plan de acollida: Nel levaranse a cabo actividades en xeral para todo o alumnado nos primeiros días de clase, para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro e para as súas familias.

Estas actividades búscase que sirvan para facilitar o coñecemento das normas de convivencia, tanto xerais do centro como particulares da aula, especificando os dereitos e deberes do alumnado e as correccións ou medidas reeducadoras que, de ser o caso, se apliquen.

- Asembleas de aula.
- Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón

de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social.

🕒 **Medidas para dar resposta á diversidade do alumnado:**

- Plan de orientación.
- Plan xeral de atención á diversidade.
- Plan de acción tutorial.

🕒 **Medidas dirixidas ao profesorado:**

- Plan de acollida para o novo persoal docente e non docente.
- Organización de actividades para a acollida do novo persoal docente e non docente dende o Equipo Directivo, facilitar toda a información do centro e debatela en reunións co fin de propiciar rapidamente a integración e favorecer un clima de confianza.

🕒 **Actividades dirixidas a favorecer a relación das familias co Centro:**

- Atención ás familias polo Equipo Directivo.
- Atención ás familias polo Departamento de Orientación.
- Atención dos titores/as en horario de tutoría.
- Asemblea de tutoría a comezos de curso.
- Reunións coas familias cando sexa necesario.
- Fomentar o uso do Abalar móbil.
- Participación das familias a través do Consello Escolar.

🕒 **Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero:**

- Actividades programadas para a Convivencia.
- Participación en programas, actividades, charlas e obradoiros que fomenten a igualdades.
- Actividades de conmemoración do día en contra da violencia de xénero.
- Actividades de conmemoración do día internacional da paz, como medida de sensibilización para a resolución non violenta dos conflitos en todos os ámbitos da vida.
- Actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres, para previr posibles situacións de violencia de xénero.
- Conmemoración do día da muller de xeito que se traballe a igualdade entre mulleres e homes.

Programa de adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado: (Véase Anexos).

Aula de convivencia inclusiva:

As Aulas de Convivencia Inclusiva están previstas no artigo 19.3 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, coa vocación de substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible.

A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que o alumnado sexa atendido nesta aula, garantindo o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a (D.8/2015- Art. 25).

No centro temos unha aula, ao lado do despacho de dirección que no caso de que fose necesaria a súa utilización, o profesorado de garda encargárase do seguimento do traballo proposto ao alumnado nese espazo, sempre que o procedemento corrector así o indique.

Poderán ser enviados a esta aula o alumnado do centro que cumpra os seguintes criterios:

- A súa conduta impide o normal desenvolvemento das actividades lectivas (conduta disruptiva).

- Alumnado que presenta deficiencias no seu autocontrol e/ou relacións persoais (comportamento antisocial).

A Aula de convivencia como aula de reflexión

O alumnado que impida gravemente o desenvolvemento normal do grupo clase na súa materia, logo de poñer en práctica outras medidas e estratexias sen acadar resultados, pode ser enviado á aula de convivencia.

Pasos a seguir:

1. O titor/a ou mestre/a de aula envía ao alumno/a acompañado polo encargado/a da clase a xunto da Dirección, que determinará se o alumno/a se incorpora á aula de convivencia co mestre/a de garda.
2. O titor/a ou mestre/a especialista cumprimenta o parte de incidencias para informar ao xefe de estudos.
3. A Dirección comunica ás familias a decisión favorable.
4. O mestre/a de garda farase cargo do alumno/a que provocou a incidencia. O titor/a ou mestre/a especialista entrega as tarefas que quere que o alumno/a desenvolva na aula de convivencia.
5. Unha vez na aula de convivencia, o alumno/a, baixo a supervisión dun mestre/a de garda cumprimentará unha ficha de reflexión e o compromiso. Esta ficha quedará gardada.
6. O alumno/a realiza as tarefas encomendadas.

A Aula de convivencia como aula de traballo

O alumnado que, pola acumulación de partes de conducta ou pola gravidade dos feitos, deba ser obxectos dunha sanción disciplinaria poderá cumprila na Aula de convivencia inclusiva.

Procedemento a seguir neste caso:

1. A Dirección, analiza e resolve. Unha vez escoitado o titor/a e o orientador/a, elaborará un informe indicando os motivos, o número de días, o número de horas e as actividades formativas.
2. A xefatura de estudos solicitará actividades formativas con material curricular e material relacionado coa mellora da convivencia.
3. O departamento de orientación determinará as actuacións dirixidas ao proceso de reflexión.
4. A Dirección comunicará a resolución ao:
 - Alumno/a e a súa familia.
 - Titor/a do grupo, que informará ao equipo de profesores.
 - Orientador/a do centro.
 -
5. Logo do período de expulsión na aula de convivencia, o material curricular remitirase ao profesorado correspondente e o material de reflexión de modificación de conduta recollerao o

orientador/a.

A Comisión de convivencia realizará un seguimento trimestral das condutas contrarias á convivencia para propoñer medidas de mellora no centro.

Mediación Escolar:

A **mediación** é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos na que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas (D.8/2015- Art. 26).

A mediación escolar baséase nos principios seguintes:

- A voluntariedade
- A imparcialidade da persoa mediadora
- A confidencialidade
- O carácter persoal.

O proceso de mediación pode utilizarse como estratexia preventiva na xestión de conflitos entre as persoas integrantes da comunidade escolar, aínda que non estean tipificados como condutas contrarias ou gravemente prexudiciais para a convivencia no centro.

Dado que a existencia de conflitos é inevitable, concibimos a **mediación** como axuda persoal para que as partes aproveiten o conflito para mellorar a súa forma de establecer relacións persoais. É necesario dotar ao alumnado de ferramentas de relación intrapersoal e interpersoal.

A existencia de **alumnos mediadores-axudantes** supón, por unha banda, que eles mesmos aproveiten de forma directa a formación recibida e por outra que sexan quen de axudar e transmitir co seu exemplo eses coñecementos ao resto de compañeiros e compañeiras.

A **mediación escolar** é voluntaria, tanto para o alumno que intervéen como mediador como para o alumno que a solicita.

A mediación escolar levarase a cabo co alumnado do 3º ciclo de Educación Primaria (5º e 6º E.P.), no noso centro chamarase “Patrullas de convivencia”.

➤ **Requisitos básicos:**

- Análise da convivencia no centro.
- Implicación da comunidade educativa.
- Introducción da mediación no propio Plan de Convivencia.
- Correcta selección do alumnado mediador-axudante.
- Formación do profesorado en mediación.
- Formación do alumno mediador-axudante.
- Coordinación e seguimento: tempos e espazos.
- Avaliación formativa do proceso.

- Melloramento do proceso en cursos posteriores.

➤ **Alumnado Mediador- Axudante:**

O alumnado mediador-axudante é un alumno/a que colabora coa comunidade educativa en diversas situacións que se poden dar no centro.

➤ **Selección:**

A selección do alumnado mediador farase entre todos aqueles alumnos e alumnas de 5º e 6º de Educación Primaria que se presentaren voluntarios. Farase unha convocatoria a principios de curso e 2 ou 3 días á semana durante os 10 ou 15 primeiros minutos da hora da lectura, os alumnos/as asistirán de forma voluntaria ás sesións de formación previa impartida polo orientador/a, flexibilizándose este tempo en función da dispoñibilidade horaria dos tempos de titoría.

Froito do interese, constancia e aproveitamento nesas sesións iniciais o Departamento de Orientación en colaboración coas titorías dos cursos de referencia deses alumnos, decidirán aqueles alumnos/as que comezarán a súa formación e iniciarán funcións como alumnos mediadores-axudantes.

➤ **Funcións dos alumnos Axudantes-Mediadores:**

O **alumnado mediador-axudante** firman un contrato unha vez que son seleccionados onde se reflicten as súas funcións básicas e os seus dereitos e deberes.

As **funcións do mediador escolar** resúmense en:

- Informar ao profesorado, Equipo Directivo e Departamento de Orientación de calquera circunstancia que poida incidir na convivencia dentro e fóra do centro.
- Informar aos compañeiros dos seus dereitos e deberes.
- Axudar aos compañeiros a que se atopen a gusto fomentando boas relacións persoais.
- Mellorar as relacións nos tempos de lecer ensinando aos compañeiros novos, xogos e dinámicas.
- Intervir como mediadores naqueles conflitos nos que se solicite a súa axuda de forma voluntaria.

A mediación escolar constitúe unha forma óptima de aprendizaxe dos conflitos. Implica a posta en práctica dunha serie de pasos que levan a que a canalización do conflito se faga a través do diálogo.

Resultaría moi interesante que tanto as familias, o profesorado como os alumnos/as coñezan este proceso.

➤ **Formación do profesorado en mediación**

É sumamente importante que o profesorado sexa consciente de que para instruír primeiro hai que educar, e para educar temos que mellorar a nosa formación como axentes de cambio nas actitudes ante a convivencia do noso alumnado, e como tales axentes de cambio temos que ser exemplo para os alumnos/as e temos que ter os coñecementos necesarios para implementar accións que nos permitan que as prácticas de boa convivencia sexan habituais nas vidas dos nosos alumnos/as.

Dado que no centro temos contemplada a figura do alumno/a mediador-axudante, cremos necesario que os mestres coñezan en que consiste a mediación e se formen. De nada serve que os alumnos/as mediadores exerzan a súa función se non son apoiados e comprendidos polo profesorado.

➤ Punto Laranxa

O Punto Laranxa é unha medida impulsada desde a Xunta de Galicia co obxectivo de erradicar o acoso e o ciberacoso nos centros educativos, grazas á colaboración de alumnado, docentes, familiares e outras persoas próximas á comunidade educativa. O anonimato constitúe un refuxio seguro á hora de denunciar, facilitando así o logro dun cambio entre todos/as.

No centro o punto Laranxa físico está colocado no corredor de entrada e o virtual na páxina do centro.

As persoas responsables de abrir este punto físico é a directora e a coordinadora de benestar.

As pautas a seguir serán as marcadas no Protocolo Educativo para a prevención, a detección e o tratamento do acoso e do ciberacoso escolar.

3.2 Medidas curriculares

- + Promover metodoloxías que favorezan a interacción, a aprendizaxe cooperativo.
- + Potenciar un rol do profesor que favoreza o diálogo, a empatía e as actitudes de acercamento e boa disposición.
- + Favorecer os estilos de aprendizaxe que valoren a diversidade.
- + Traballar o desenvolvemento evolutivo, as características emocionais, as capacidades de inserción social, de relación interpersoal...
- + Aplicar programas de resolución de conflitos e habilidades sociais para afrontar situacións de conflito en positivo.

3.3. Actuacións formativas, para o profesorado e a comunidade educativa, establecidas nos plans de convivencia.

3.3.1 Formación do profesorado

Promóvese a participación do profesorado do Centro en actividades de formación (xa sexa cursos grupais ou actividades individuais) Fomentaranse, sobre todo, aqueles que teñen que ver coas habilidades sociais, convivencia etc. O equipo directivo realizará consulta ao claustro sobre as necesidades formativas no ámbito da convivencia que se detecten, co obxectivo de dar resposta a ditas necesidades. Os obxectivos da formación do profesorado son:

-Afondar no coñecemento de estratexias de resolución de conflitos:

- 🕒 Dinámicas de grupo
- 🕒 Dinámicas do conflito
- 🕒 Desenvolvemento de escoita activa
- 🕒 Empatía
- 🕒 Linguaxe asertivo

- Explorar outras estratexias de mellora da convivencia: Mediación, Tutoría entre iguais, etc .

- 🕒 Desenvolvemento de pensamento alternativo
- 🕒 Tutoría compartida. Tutoría entre iguais
- 🕒 Mediación: Características e fases
- 🕒 Estratexias de colaboración familia-escola

3.3.2. Escola de nais e pais.

As experiencias previas coa Escola de pais e nais, non tiveron a aceptación e continuidade desexable, xa que a participación foi sempre moi escasa.

Dende o CFR de Pontevedra ofertan diferentes charlas para as familias, polo que aproveitando a súa gratuidade, ofertarase cada trimestre unha sesión de 2 horas aproximadamente para aquelas familias que poidan asistir.

As necesidades de formación das familias poderán ser propostas pola comisión de convivencia, pola ANPA ou por servizos alleos ao centro (Servizos sociais, asociacións, etc.) e elevaranse ao Consello escolar.

3.4. Normas de Convivencia do Centro:

3.4.1. NAS ENTRADAS E SAÍDAS

- O alumnado transportado deberá entrar no centro custodiado polo profesorado que fai a garda de autobús e esperarán no comedor á súa quenda de entrada, serán chamados polos mestres de garda para subir ás aulas.
- Chegar puntualmente para a entrada na clase.
- A entrada e saída do centro realizarase pola porta asignada a tal efecto.
- Situarase ordenadamente nas filas correspondentes.
- Respetar a orde nas subidas e baixadas das aulas.
- Non se poderá abandonar o centro en horario lectivo sen a debida autorización.
- Unha vez que se sae da clase para casa ou do comedor para o autobús non se pode volver a subir á aula.
- O alumnado que non é usuario de comedor deberá saír acompañado do centro polo titor/a ata a porta de saída. No caso do usuario de comedor non transportado será custodiado polo persoal do comedor baixo a supervisión da persoa directora.
- O alumnado de comedor, usuario de transporte, será custodiado ata o acceso ao autobús pola persoa directora.

3.4.2 DE HIXIENE E LIMPEZA

- Asistir a clase debidamente aseados e limpos.
- Utilizar correctamente os servizos.
- Manter limpas as instalacións do centro.
- Manter limpa a aula.
- Non deteriorar as instalacións do centro con inscricións ou pintadas.

3.4.3. NO RECREO

- Solicitar permiso aos profesores para ausentarse do patio de recreo.
- Evitar a utilización de xoguetes ou obxectos perigosos.
- Evitar os xogos violentos que entrañen perigo.
- Non facer dano ou ofender aos compañeiros.
- Coidar as instalacións do recreo e obxectos alleos sen deterioralos.
- Evitar relacionarse con persoas descoñecidas a través do enreixado do colexio.
- Non permanecer nas aulas durante o recreo agás que o tutor o autorice e este permaneza na aula co alumnado.

3.4.4. NAS AULAS

- Chegar con puntualidade ás clases.
- Asistir coa vestimenta e hixiene axeitadas.
- Aportar os materiais necesarios.
- Respetar a limpeza, orde e bo estado do material e mobiliario da aula.
- Solicitar permiso para a utilización do material común da clase e do material doutros compañeiros.
- Amosar respecto cara os compañeiros e os profesores.
- Evitar actitudes que impidan o correcto desenvolvemento das actividades na aula e noutras aulas do centro.
- Realizar as actividades de clase e colaborar nos traballos en grupo.
- Solicitar permiso do profesor para ausentarse da aula.

3.4.5. NO COMEDOR

- Acudir ao comedor perfectamente aseado e vestido.
- Acudir a chamada do timbre e manter a orde nas entradas e saídas.
- Non cambiarse de asento sen a autorización das monitoras.
- Permanecer na mesa mentres se come, sen facer ruído.
- Comer de todo e en cantidade suficiente.
- Deixar a mesa limpa e ordenada.
- Non arroxar comida ao chan ou escondela.
- Non abandonar o comedor ou a actividade que se estea a realizar sen o permiso das monitoras.
- Non se permite traer xoguetes ou outros obxectos que dificulten o normal funcionamento do servizo.
- Tampouco se poderá abandonar o recinto escolar en horario de comedor sen a debida autorización.
- As monitoras do comedor terán autoridade para corrixir aos alumnos que estean baixo a súa vixilancia e non cumbran coas normas anteriormente citadas.

3.4.6. NO CENTRO E NO RECINTO ESCOLAR

- Non se dispensarán medicamentos ao alumnado por parte dos docentes, só poderán ser dispensados polos pais preferiblemente facendo coincidir as tomas na casa.
- Evitarase o uso de teléfonos móbiles ou outros aparellos electrónicos mentres o alumno permaneza no colexio.
- Non está permitida a permanencia de persoas alleas ao Centro no recinto escolar.

3.5. Establecemento das condutas contrarias á convivencia e das correccións que correspondan ao seu incumprimento.

Con respecto ao persoal do centro: O incumprimento dos deberes inherentes ao desenvolvemento do seu traballo, reflectidos na lexislación e nas NOF, levará asociadas as seguintes correccións:

Con respecto ao alumnado: Será de aplicación o recollido no artigo 11 da lei 4/2011, de 30 de xuño no que se refire á condición de autoridade pública do profesorado

Artigo 11. Condición de autoridade pública do profesorado.

1. No exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, o profesorado ten a condición de autoridade pública e goza da protección recoñecida a tal condición polo ordenamento xurídico.

2. No exercicio das funcións de corrección disciplinaria, os feitos constatados polo profesorado e que se formalicen por escrito en documento que conte cos requisitos establecidos regulamentariamente teñen presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que na súa defensa poida sinalar ou achegar o alumnado ou os seus representantes legais cando sexa menor de idade.

3. O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades complementarias e extraescolares, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido polas normas do centro, resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares. O requirimento previsto neste punto obriga a alumna ou alumno requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición dos responsables legais, unha vez terminada a xornada escolar ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

Normas para realizar o rexistro de condutas contrarias á convivencia . Co obxectivo de velar polos dereitos do alumnado, será obrigatorio realizar un rexistro documentado destas condutas, que cumprirá os seguintes puntos:

Tipo de conduta	Que se reflicte no rexistro?	Que realiza o rexistro?	En que prazo?	Quen archiva o rexistro?
Condutas leves contrarias á convivencia.	-Data, hora e lugar. -Nome, apelidos, enderezo e datos académicos do/a alumno/a -Norma incumprida. -Persoa/s testemuña/s da norma incumprida. -Sanción ou corrección realizada. -Persoa/s que impón a sanción. -Identificación e sinatura da/s persoa/s que elaboran o rexistro.	Mestres/as ou persoal non docente que están co/coa alumno/a e presencian a conduta.	24 h dende o incumprimento	Titor/a.
Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.	-Data, hora e lugar. -Nome, apelidos, enderezo e datos académicos do/a alumno/a -Norma incumprida. -Persoa/s testemuña/s da norma incumprida. -Proposta de sanción ou corrección a realizar. -Identificación e sinatura da/s persoa/s que elaboran o rexistro.	Mestres/as ou persoal non docente que están co/coa alumno/a e presencian a conduta.	24 h dende o incumprimento	Titor/a. Xefatura de estudos e/ou Dirección.

3.6.1. Condutas leves contrarias á convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección

Son condutas leves contrarias á convivencia:

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa que non alcancen a gravidade requirida.
- b) Os actos de discriminación que non alcancen a gravidade requirida.
- c) Os actos de indisciplina e danos que non alcancen a gravidade requirida.
- d) Os actos inxustificadas que non alcancen a gravidade requirida.
- e) As actuacións prexudiciais que non alcancen a gravidade requirida.
- f) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia.
- g) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade
- h) A asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- i) O incumprimento das normas de organización e funcionamento que non alcancen a gravidade requirida.

As condutas **leves contrarias á convivencia** poderán ser corrixiadas con:

CORRECCIÓN	ÓRGANO COMPETENTE	CONDICIÓN
Amoestación privada ou por escrito.	O profesorado do/a alumno O/A titor/a	Escoitar ao/á alumno/a. Dar conta ao/á titor/a
Comparecencia inmediata ante xefatura de estudos.	O profesorado do/a alumno O/A titor/a Xefe/a de estudos	Rexistro de incidencias. Escoitar ao/á alumno/a. Dar conta ao/á titor/a.
Realización de traballos específicos en horario lectivo.	O/A titor/a Xefe/a de estudos Director/a	Rexistro de incidencias. Escoitar ao/á alumno/a, ao/á titor/a e/ou ao/á profesor/a. Información á familia
Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.	O/A titor/a Xefe/a de estudos Director/a	Rexistro de incidencias. Escoitar ao/á alumno/a, ao/á titor/a e/ou ao/á profesor/a. Información á familia.
Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas	Xefe/a de estudos Director/a	Rexistro de incidencias. Proposta previa do/a titor/a. Escoitar ao/á alumno/a, ao/á titor/a. Información á familia
Cambio de grupo por un período de ata unha semana	Xefe/a de estudos Director/a	Rexistro de incidencias. Proposta previa do/a titor/a. Escoitar ao/á alumno/a, ao/á titor/a. Información á familia
Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo	Comisión de convivencia Consello escolar (Director/a)	Rexistro de incidencias Audiencia do/a alumno/a, da familia, do/a titor/a e do equipo directivo. Resolución expresa por escrito* Realización de tarefas escolares para non interromper o proceso educativo.
Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo	Comisión de convivencia Consello escolar (Director/a)	Rexistro de incidencias Audiencia do/a alumno/a, da familia, do/a titor/a e do equipo directivo. Resolución expresa por escrito* Realización de tarefas escolares para non interromper o proceso educativo.

*Logo da notificación aos representantes legais, poderán solicitar por escrito, no prazo máximo de 2 días, revisión destas medidas. No caso de solicitarse esta revisión, a dirección emitirá unha nova resolución á maior celeridade ratificando ou rectificando as medidas impostas. Esta resolución pon fin ao procedemento e é inmediatamente executiva.

A non comparecencia sen causa xustificada dos representantes legais do alumnado, ou ben a negativa a recibir comunicacións ou notificacións, non impedirá a continuación do proceso de corrección.

Segundo vén regulado no Decreto 8/2015, as audiencias e comparencias dos representantes legais do alumnado nos procedementos regulados no capítulo IV do título III, son obrigatorias para eles/as, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes en materia de protección da infancia e servizos sociais, para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela, en cumprimento do artigo 27 da Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.

Poderá entenderse reiteración cando esta desatención manifesta se constate, cando menos, en **dúas ocasións dentro do mesmo trámite do procedemento**.

3.6.2. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, medidas correctoras, responsables e procedementos de corrección

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. Será indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- k) O incumprimento das NOF, cando o mesmo teña consecuencias graves para a convivencia.
- l) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de 3 condutas leves contrarias á convivencia.
- m) O incumprimento das sancións impostas.

As condutas **gravemente prexudiciais** para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a **determinadas clases** por un período de **entre catro días lectivos e dúas semanas**. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión do dereito de **asistencia ao centro** por un período de **entre catro días lectivos e un mes**. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro.

Aquelas **condutas que atenten contra a dignidade persoal** doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e **levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f)**.

AS CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA ESCOLAR, SO PODERÁN SER SANCIONADAS PREVIO DESENVOLVEMENTO E TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTE DISCIPLINARIO (segundo protocolo establecido pola lexislación)

Condutas disruptivas:

Independentemente da aplicación das medidas anteriores, para crear o clima escolar seguro e acolledor que o alumnado precisa, ante unha conduta disruptiva, deberanse aplicar:

Amoestacións verbais: Falarase co/coa alumno/a **en privado**, tentando que comprenda os efectos negativos da súa conduta, tanto para si mesmo como para o resto da comunidade educativa.

Consecuencias naturais: Deixar que o/a alumno/a experimente as consecuencias lóxicas da súa conduta co fin de que perciba por que a norma non acatada é importante.

A reflexión: Situar ao/á alumno/a nun lugar neutro ou pouco estimulante durante un breve período de tempo para que reflexione sobre a súa acción inadecuada.

Privación da realización dalgunha actividade que lle guste: Facerlle ver deste xeito que a decisión de incumprimento das normas, pode ter para el/ela consecuencias non desexadas.

Se coas medidas anteriores non é suficiente para corrixir a conduta e xorden alteracións de comportamento graves, poranse en marcha as seguintes actuacións:

1. Actuacións iniciais

1.a. Comunicación da situación: Porase en coñecemento do profesor/a titor/a e do equipo directivo a conduta detectada

1.b. Información á familia: Porase en coñecemento da familia do/a alumno/a a situación (por medio da axenda escolar, comunicación telefónica ou escrita ou polo medio que se considere máis adecuado) e se lle informará da medida disciplinaria que se lle imporá ao alumno/a, de xeito que este/a perciba que a familia e a escola están de acordo.

1.c. Prognóstico Inicial: No caso de alteracións continuadas e/ou graves, iniciarase unha recollida de información para analizar as causas da conduta:

- Disfuncións no proceso de ensino-aprendizaxe
- Situacións desfavorables de tipo familiar, socio ambiental, etc.
- Algún tipo de déficit ou patoloxía psíquica

1.d. Toma de decisións:

- Tipo de medida correctiva a aplicar
- Comunicarse coa familia no caso de non telo feito antes
- No caso de desordes continuados, comunicarse a situación a outros organismos e servizos (Pediatra, Servizos Sociais)
- Comunicar a situación ao Observatorio da Convivencia do centro
- Seguir coas actuacións posteriores, se procede

Todas estas actuacións quedarán recollidas nun informe elaborado polo/a profesor/a titor/a en colaboración co/a orientador/a.

2. Actuacións posteriores

2.a. Avaliación do comportamento problemático. Levarase a cabo unha avaliación co obxectivo de determinar as causas que o provocan, analizando tamén os acontecementos que o preceden e as consecuencias de ditos comportamentos.

Avaliarase:

- Ao/á alumno/a de forma individual: Recollerase información dos servizos alleos ao centro que teñen relación co/a alumno/a.
- Ao Centro: Alumnado, profesorado e persoas que estean relacionadas coa conduta disruptiva. Estudarase tamén outros aspectos como a organización da clase, agrupamentos, actuación do profesorado, se a disfunción é debida a problemas de aprendizaxe.
- Á Familia: Manteranse reunións para recoller información cos organismos e servizos sociais nos casos nos que a alteración puidese ter algunha relación co ambiente familiar.

2.b. Plan de actuación: Programarase un plan de actuación para o/a alumno/a por parte do/a orientador/a e o/a profesor/a titor/a, que será presentado ao resto do equipo docente do/a alumno/a e ao resto do claustro. Este plan deberá incluír os seguintes aspectos:

- Actuación co alumno/a individualmente: Inclúranse os obxectivos de conduta, selección e aplicación de técnicas que se traballarán con el/a, os momentos nos que se traballarán individualmente e en grupo, así como a temporalización que se considere oportuna para a consecución dos obxectivos e as persoas implicadas.
- En relación co centro (profesorado, alumnado, persoal non docente, etc): Medidas adoptadas en relación co comportamento disruptivo (organización e dinámica da clase, situación espacial na aula, aceptación ou rexeitamento do/a alumno/a por parte dos/as compañeiros/as, ...); medidas de apoio escolar no caso de seren precisa a súa inclusión no programa de reforzo educativo ou de aula de apoio; medidas a seguir no caso de que se dea unha conduta disruptiva nun momento determinado, que terán que ser coherentes e coordinadas entre todos os membros do claustro.
- En relación co ámbito familiar: Co fin de manter unha liña de actuación común e aumentar deste xeito a eficacia da actuación, estableceranse unha serie de reunións coa familia, nas que se lles explicará en que consiste a actuación programada, daránselles orientacións de actuación, íranse avaliando a eficacia de ditas actuacións, etc.
- En relación con outros ámbitos: Establecemento de comunicacións informativas e de coordinación con outros organismos (Servizos sanitarios e/ou sociais) que teñan relación co/a alumno/a.

3.6.3 Gradación das medidas correctoras.

A corrección das condutas contrarias á convivencia forma parte do proceso educativo, polo que deberá reunir as seguintes características:

- Ter carácter educativo e recuperador.
- Garantir o respecto dos dereitos do alumnado
- Contribuír a que o alumnado asuma o cumprimento dos seus deberes.
- Ser proporcionais á gravidade da conduta.
- Ningún/nha alumno/a poderá ser privado/a do exercicio do seu dereito á educación e escolaridade.

Á hora de decidir unha sanción, deberán terse en conta os seguintes aspectos

ATENUANTES	AGRAVANTES
<ul style="list-style-type: none"> - O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso. - A falta de intencionalidade. 	<ul style="list-style-type: none"> - A premeditación. - A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas (3 nun mes)
<ul style="list-style-type: none"> - O cumprimento espontáneo da obriga de reparar os danos producidos. - A natureza dos prexuízos causados. 	<ul style="list-style-type: none"> - A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa. - A natureza dos prexuízos causados. - O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere propiciatoria desta vulnerabilidade. - Que implique discriminación de calquera índole

3.6.4 Criterios para a elección do instrutor (Procedemento común/mediadores no Procedemento Conciliado)

Instrutor/a:

Un membro do claustro será nomeado como instrutor/a pola Dirección do centro, atendendo aos seguintes criterios:

- Preferentemente será un mestre/a que non imparta docencia a ningún/nha dos/as interesados/as.
- Non terá implicación nin directa nin indirecta nos feitos (ser unhas das partes, ser testemuña, ...).
- Non terá parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo con calquera dos/as interesados/as (alumnado, profesorado, representantes legais, implicados).

A persoa nomeada, así como o resto dos/as implicados/as, poderá solicitar por escrito á Dirección, en calquera momento da tramitación, a recusación, alegando o incumprimento dalgúns dos puntos anteriores ou dos seguintes:

- Ter interese persoal no asunto de que se trate ou noutro na resolución do cal puidese influír a aquel.
- Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas implicadas na tramitación.

Mediador/a:

No caso de usar o procedemento conciliado, ademais dun/nha instrutor/a, a dirección nomeará a unha persoa mediadora, que deberá reunir as características anteriores e non poderá ser, en ningún caso, nin a propia dirección do centro nin o/a instrutor/a, podendo asignarse, entre outros á xefatura de estudos ou á xefatura do departamento de orientación, de non estar xa vinculados no procedemento.

3.6.5 Procedemento conciliador

Condições para a súa aplicación:

Aplicarase se:	Non Poderá aplicarse:
<ul style="list-style-type: none"> -O/A alumno/a responsable da conduta reconece a gravidade da mesma, está disposto/a a reparar o dano material ou moral causado e se compromete a cumprir as medidas correctoras que correspondan. 	<ul style="list-style-type: none"> -Cando se aprecie que a conduta presenta unha especial e notoria gravidade. -Cando a persoa agraviada ou os representantes legais desta non comuniquen a súa disposición a acollerse ao procedemento conciliado.

<p>-Todos/as os membros da comunidade educativa afectados pola súa conduta mostran a súa conformidade a acollerse ao dito procedemento.</p>	<p>-Cando o/a alumno/a autor/a da conduta ou os representantes legais desta/e non comuniquen a súa disposición para acollerse ao procedemento conciliado.</p> <p>-Cando xa se fixese uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar, co/coa mesmo/a alumno/a para corrixir unha conduta semellante.</p>
---	---

3.6.6 Prescrición de condutas e de correccións.

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes. As correccións prescriben aos 12 meses e aos 4 meses respectivamente. O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando sexa continua no tempo, que non se empezará a computar mentres a conduta non cese. No caso de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, o prazo interromperase co inicio, con coñecemento do/a interesado/a, do procedemento sancionador.

Compromisos de convivencia:

En todos os casos de condutas contrarias á convivencia, poderase suspender a aplicación das medidas correctoras adoptadas se o/a alumno/a e os representantes legais deste/a asinan un compromiso educativo para a convivencia, no que figure:

- Compromiso claro e detallado do/a alumno/a e dos seus representantes legais.
- Actuacións de formación para a convivencia, prevención e/ou de modificación de condutas, que se comprometen a levar a cabo, persoalmente ou mediante a intervención do centro ou doutras institucións.
- Prazos de realización.
- Mecanismos de comunicación e coordinación co centro.
- Indicadores de avaliación

A falta de cumprimento dos compromisos adquiridos por parte do/a alumno/a ou representantes legais deste/a determinará a aplicación inmediata das medidas correctoras suspendidas.

4.- PROTOCOLOS

No plan de convivencia inclúense cantos **protocolos** se consideren oportunos e necesarios para a mellora da convivencia en cada centro educativo, os cales a comunidade educativa pode consultar na seguinte dirección do Portal Educativo da Xunta de Galicia:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>

❖ **Protocolo para a Prevención, Detección e Tratamento das situacións de Acoso Escolar e Ciberacoso.**

O protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar, de conformidade co establecido no artigo 30.2 da Lei 4/2011, do 30 de xuño. No artigo 28 da lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, defínese o **Acoso Escolar** como calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro alumno ou alumna ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

De entrada temos que ter claro que para que haxa acoso teñen que darse as actuacións negativas recollidas anteriormente, de forma repetida e durante un tempo. É importante non confundir este

fenómeno con agresións esporádicas entre o alumnado ou outras manifestacións de violencia, tamén esporádicas, cando non se dea inferioridade dun dos participantes no suceso. Para poder considerar un comportamento como **acoso escolar**, deben cumprirse **tres criterios** diagnósticos, que deben darse simultaneamente, prescindindo da personalidade da posible vítima.

Os **criterios** son:

1. **A existencia de intención de facer dano.** - Debe existir unha vítima concreta, indefensa e unha persoa agresora que lle fai dano conscientemente.

2. **A repetición das condutas agresivas.**

- A agresión crea na vítima a expectativa de poder ser branco de ataques novamente.

- Existencia dunha acción agresiva repetida, durante un período longo de tempo e de forma recorrente.

Os comportamentos de abuso preséntanse reiteradamente no tempo.

- É un tipo de violencia difícil de identificar, isto é debido a que o acoso case sempre permanece oculto para as persoas adultas, pero o alumnado si ten coñecemento dos sucesos.


3. **A duración no tempo.**

- Establecemento dun esquema de abuso de poder desequilibrado entre a vítima e a persoa agresora ou persoas agresoras.

- Presenza de desigualdade de poder (desequilibrio de forzas) entre a persoa máis forte e a persoa máis débil. É unha situación desigual, de indefensión para a vítima. Hai un desequilibrio e un abuso de poder que impide que a persoa acosada poida saír por si mesma da situación.

Por outra banda, o acoso pode ter un compoñente colectivo, xa que os acosadores soen actuar en grupo e a situación sole ser coñecida por outros compañeiros ou compañeiras que actúan de observadores pasivos.

De xeito esquemático podemos considerar os seguintes **tipos ou manifestacións do acoso** (informe do Defensor do Pobo - UNICEF, 2000 e 2007):



As **consecuencias** que poden reflectirse nunha situación de acoso ou maltrato entre iguais poden ser:

- **Para a vítima:** pode traducirse en fracaso escolar, trauma psicolóxico, risco físico, insatisfacción, ansiedade, infelicidade, problemas de personalidade, risco para o seu desenvolvemento equilibrado.
- **Para a/s persoa/s agresora/s:** pode ser a antesala dunha futura conduta delituosa, unha interpretación da obtención de poder baseada na agresión, que pode perpetuarse na vida adulta, e incluso unha supervaloración do feito violento como socialmente aceptable e recompensado.
- **Para os/as compañeiros/as observadores/as:** pode conducir a unha actitude pasiva e compracente ante unha inxustiza e unha modelación equivocada da valía persoal.

Seguindo as directrices que marca a lexislación vixente, dende o centro seguiremos o protocolo que establece a Xunta de Galicia respecto á prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.

Protección integral das vítimas

1. A Dirección do centro adoptará as medidas precisas para garantir ao alumnado vítima de situacións de acoso escolar a protección integral da súa integridade e dignidade persoais e do seu dereito á educación, debendo primar sempre o interese da vítima sobre calquera outra consideración no tratamento destas situacións.
2. A protección da vítima garantírase mediante medidas cautelares que impidan a ameaza, o control ou o contacto entre vítima e causantes da situación de acoso. O mesmo tempo arbitraranse medidas para o seguimento dos causantes do acoso que impidan a continuación de eventuais condutas acosadoras.

Plan de prevención e detección

Co fin de previr situacións de acoso é necesario implicar coordinadamente a toda a comunidade escolar, aplicando de xeito ordenado as seguintes estratexias:

1. No ámbito da titoría:

- Elaboración de **normas de aula** que se revisarán semanalmente.
- Favorecer o **traballo cooperativo e colaborativo**.
- Traballar as **habilidades sociais**.
- Establecer **contratos de conduta** nos que se impliquen o alumnado acosador, o titor ou titora e a familia, para solución pacífica de problemas.
- **Favorecer a autoestima do alumnado acosado** encargándolle responsabilidades na aula e dándolle estratexias diante do acoso.

Para evitar múltiples contraditorias intervencións do profesorado, toda a información que se transmita ao alumnado e familias farase a través da titora ou titor.

2. No ámbito do Departamento de Orientación.

- Facer un **seguimento da evolución do alumnado acosado e acosador**, coordinando as intervencións educativas.
- **Dinamizar as propostas de traballar habilidades sociais** no ámbito das titorías con todo o alumnado, así como poñer en **funcionamento os contratos de conduta**.

- Darlles **estratexias de actuación ás familias**, tanto dos acosados como dos acosadores, unificando criterios co equipo directivo.

3. No ámbito do Equipo Directivo

- **Manter a observación e vixilancia** atentas dos lugares e tempos nos que adoita producirse o acoso: cambios de clase, corredores, recreos, entradas e saídas, baños, comedor, etc.
- **Reestruturar**, cando sexa necesario, **os grupos de alumnos**, tendo en conta sempre que os que deben cambiar de grupo son os acosadores e non os acosados.
- Poñer en marcha a **mediación entre alumnos, profesores e pais** para romper a dinámica da lei do silencio entre compañeiros de clase e implicalos a todos contra a intimidación.
- **Velar por que se desenvolva o Plan de Convivencia**, para tentar alcanzar un clima de convivencia real, e facer prevención dos conflitos e acoso escolar.

Co fin de detectar posibles actuacións de acoso ou intimidación pasarase ao alumnado un cuestionario co fin de apreciar problemas de convivencia e síntomas de violencia, intimidación ou acoso.

Protocolo de actuación no suposto de acoso escolar e ciberacoso


Neste Protocolo propónse adoptar diferentes **Fases**:

- **Fase primeira: Coñecemento, identificación e comunicación da**

situación **Cadro 1. Esquema da primeira fase do protocolo.**




➤ Fase segunda: Recollida de información e rexistro Cadro 2. Esquema da segunda fase do protocolo.



➤ Fase terceira: Análise da información e adopción de medidas.

Cadro 3. Esquema da terceira fase do protocolo.



➤ Fase cuarta: Seguimento e avaliación das medidas adoptadas.

- Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar.
- Protocolo de Protección de Datos.
- Protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica. Addenda de Diabete.
- Protocolo de atención educativa Domiciliaria.
- Protocolo de coordinación, intervención e derivación institucional en Atención Temprá.
- Protocolo do Tratamento educativo do Alumnado con Trastorno do Espectro do Autismo (TEA).
- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
- Protocolo de Identidade de xénero.
- Protocolo de prevención, detección e intervención do Risco suicida no ámbito educativo.
- Protocolo para a atención educativa do alumnado coa Síndrome de Down e/ou Discapacidade Intelectual.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con Discapacidade Auditiva.
- Protocolo para a atención educativa ao alumnado con Altas Capacidades Intelectuais.

- **Protocolo para a intervención psicoeducativa da Dislexia e/ou outras Dificultades específicas da aprendizaxe.**

5.- COMISIÓN DE CONVIVENCIA E BENESTAR DO CENTRO

O Consello Escolar elixirá as persoas representantes da Comisión de Convivencia.

5.1. Composición da Comisión de Convivencia e Benestar

Tal e como recolle o artigo 6.2 do Decreto 8/2015, a Comisión de Convivencia e Benestar na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa.

A Comisión estará composta por:

- Director/a en calidade de presidente/a.
- 2 Representantes do profesorado.
- Representantes das familias a ser posible da ANPA.
- Representante do persoal de administración e servizos.

Todos os representantes desta Comisión estarán na mesma proporción na que se encontran representados no Consello Escolar.

O nomeamento das persoas integrantes da Comisión de Convivencia corresponde ao Director/a por proposta dos colectivos representados.

Os seus membros poden coincidir cos do Consello Escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

Unha das persoas integrantes actuará como secretario/a e levantará a acta das súas reunións.

5.2. Periodicidade das reunións

A Comisión de Convivencia manterá tres reunións anuais de carácter ordinario, para analizar a situación da convivencia no Centro, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

Levantarase acta de cada reunión, xa sexa ordinaria ou extraordinaria.

5.3. Funcións da Comisión de Convivencia

A Comisión de Convivencia exercerá por delegación do Consello Escolar as seguintes Funcións:

- Elaborar o Plan de Convivencia do centro.
- Canalizar as iniciativas de todos os sectores da comunidade educativa para mellorar a convivencia, o respecto mutuo e a tolerancia no centro.
- Promover encontros, conferencias e obradoiros para toda a comunidade educativa, orientados á construción dunha convivencia positiva.
- Organizar o centro de forma respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión.
- Coordinar o Plan de Convivencia e desenrolar iniciativas que favorezan a integración de todos os alumnos/as.
- Propor ao Consello Escolar as medidas que considere oportunas para mellorar a convivencia no centro.
- Avaliar periodicamente, por delegación do Consello Escolar, a situación de convivencia no centro e os resultados da aplicación das súas normas.

- Garantir o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- Coñecer as decisións tomadas pola Dirección na corrección e sanción das condutas contrarias á convivencia do centro.
- Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa.
- Propor alumnos/as que poidan formar parte do equipo de mediación.
- Considérase imprescindible ter unha adecuada formación. Para elo cremos necesaria a existencia dun Plan de Formación Permanente do Profesorado nestes aspectos; destacando temas como: resolución de conflitos dentro da aula, mediación e intelixencia emocional.
- Elaborar unha Memoria Anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro. Este informe será trasladado ao Consello Escolar e ao Inspector.
- Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo Consello Escolar, relativas ao coñecemento da resolución de conflitos e á mellora da convivencia do centro.

Data	Asuntos
Primeiro Trimestre	Información sobre as normas de funcionamento no centro e proxectos anuais vinculados coa convivencia.
Segundo Trimestre	Avaliación do clima de convivencia no centro. Información sobre as actuacións realizadas vinculadas coa Convivencia. Se procede, coñecemento e valoración do cumprimento efectivo das correccións e medidas disciplinarias impostas pola Dirección. Seguimento, supervisión e coordinación das actuacións do plan.
Terceiro Trimestre	Análise do clima de convivencia no centro. Información sobre as actuacións realizadas vinculadas coa Convivencia. Se procede, coñecemento e valoración do cumprimento efectivo das correccións e medidas disciplinarias impostas pola Dirección. Seguimento, supervisión e coordinación das actuacións do plan. Elaboración da memoria anual.

6.- ESTRATEXIAS DE DIFUSIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA

O Plan de Convivencia do centro, unha vez aprobado, debe ser coñecido e asumido por todos os membros da comunidade educativa.

O Equipo Directivo do centro levará a cabo as actuacións necesarias para que o Plan de Convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da súa comunidade educativa. Así mesmo, levará a cabo as actuacións necesarias para difundir as normas de organización e funcionamento do centro e as normas de convivencia na comunidade educativa.

A Comisión de Convivencia garantirá esta difusión, considerando entre as posibles canles para isto as seguintes:

- Consello Escolar.
- Tutorías de nais/pais, sobre todo nas reunións de principio de curso.
- Reunións específicas con representantes das institucións ou organismos públicos ou privados dedicados á cultura no contorno do centro educativo.
- ANPA do centro.

Os medios para levar a cabo esta difusión poderían ser:

- Reunións informativas, comunicacións escritas, sesións de traballo tutorial, asembleas....
- Folletos, trípticos.
- Páxina web do centro.
- Exposición nos lugares oportunos do centro: paneis informativos, carteis...
- Foros, campañas, entrevistas, inclusión na revista do centro.

Os momentos clave para facer esta difusión son:

- Ao inicio do curso escolar: deberase informar da concreción anual do plan de convivencia para o curso e dalgún punto importante estable deste (punto de partida, obxectivos e plan que se vai seguir).
- Ao longo do curso: cando se dispoña de nova información, información dos avances, novos acordos . - Ao final do curso: resumo do elaborado, implicacións, propostas de mellora.
- Todos aqueles momentos, formais e informais, da vida cotiá do centro nos que o coñecemento do que se está facendo ofrece información relevante para a toma de decisións, proposta de actividades e para reforzar a implicación das persoas no proceso e impulsar novas incorporacións (titorías, asembleas de grupo, de curso, reunións cos distintos estamentos).

Unha vez finalizada a elaboración do Plan de Convivencia, darase a coñecer ao Claustro de Profesores e ao Consello Escolar.

A Comisión de Convivencia ten como tarefa facer o seguimento periódico e sistemático do mesmo.

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA NO CENTRO, COAS FAMILIAS E CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS OU ORGANISMOS DO CONTORNO.

As actuacións recollidas no presente Plan deberán levarse a cabo baixo os principios de PLAN DE CONVIVENCIA 36 colaboración e coordinación de todos os sectores da comunidade educativa implicados en cada unha delas.

Os órganos de coordinación docente serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados. Incluirán as medidas e os acordos relacionados coa convivencia nos documentos institucionais do centro, concretamente nas programacións didácticas e nas de equipos, para asegurar a coherencia destas co Proxecto Educativo do centro e a Programación Xeral Anual.

O centro establecerá a coordinación cos servizos sociais locais en todos aqueles casos nos que se require a intervención dos mesmos, aínda con todo, realizarase unha reunión trimestral presencial (mínimo). A información que se intercambia e as intervencións máis comúns están relacionadas coa atención e o seguimento das minorías desfavorecidas, alumnado inmigrante, determinación de axudas de diversa índole, situacións de familias con dificultades, etc.

A través do departamento de Orientación coordinaranse as actuacións de acollida do alumnado que se vaia incorporar ao IES de adscrición do centro, así coma con a Galiña Azul e Escolas Unitarias.

As liñas de actuación para establecer esta coordinación, estarán reflectidas nas NOF.

8. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA.

O Observatorio da Convivencia realizará un seguimento durante o curso e coordinará a posta en marcha do plan ao longo do curso. Ao rematar este, o Consello Escolar avaliará os resultados e a proposta do Observatorio, propondrá as melloras e/ou actualizacións precisas. Tamén elaborará un Informe Anual da Convivencia, que será incorporado á Memoria Anual.

Ás modificacións que se incorporen anualmente, incluíranse na PXA.

A avaliación do Plan de Convivencia farase durante toda a aplicación do plan:

- Inmediatamente despois da realización de cada actividade.
- Unha vez ao trimestre a través do Observatorio da Convivencia do centro
- De forma global, ao finalizar o curso, na memoria final, onde se recollerán:


Nivel de consecución dos obxectivo.

- Actividades realizadas.
- Grao de participación dos compoñentes da comunidade educativa.
- Propostas de mellora.

ANEXOS


Inicio


Procedemento corrector de condutas aparentemente contrarias ás normas de convivencia



esolución da dirección
suspendendo as medidas correctoras.
Comunicación ao alumno/familia.
Inmediatamente executiva. Fin á vía administrativa.

Cabe
suspensión de
medidas correctoras
por compromiso
de convivencia?



 XUNTA DE GALICIA	C.E.I.P. PLURILINGÜE ROSALÍA DE CASTRO - CARRIL CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	
	Rúa do Colexio, nº 16 - Carril Teléfono e fax: 886.159.061	36610 – VILAGARCÍA DE AROUSA Email: ceip.rosalia.carril@edu.xunta.es

COMUNICACIÓN AOS PAIS E NAIS OU TITORES LEGAIS

Estimados pai e nai ou titor/a legal do alumno/a:

.....

Conforme as Normas de Organización e Funcionamento do noso centro, comunícolles que o seu fillo/a foi derivado á Aula de Convivencia durante..... sesións para realizar unha serie de actividades que lle axuden a reflexionar sobre a súa conduta, aprender a responsabilizarse das súas propias accións e a adquirir compromisos concretos que melloren o seu comportamento na escola.


Infórmolles que deben pasar polo centro o día.....ás.....Horas para aclarar-lles todo o referente á conduta do seu fillo/a.

Carril, _____ de _____ de 202 _____

Asdo. A Directora ou Xefe de estudos

Recibín a notificación:

Asdo. O/A pai/nai

 XUNTA DE GALICIA	C.E.I.P. PLURILINGÜE ROSALÍA DE CASTRO - CARRIL CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
	Rúa do Colexio, nº 16 - Carril 36610 – VILAGARCÍA DE AROUSA Teléfono e fax: 886.159.061 Email: ceip.rosalia.carril@edu.xunta.es

INFORME DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA.

CRITERIO	PUNTUACIÓN (0-10)	OBSERVACIÓNS
Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto ao curso anterior. Moi negativa: 0 Moi positiva: 10		
Alcance do plan de convivencia. Non hai plan: 0 Alcance moi amplo: 10		
Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia- Non se cumpriu ningún:0 Cumpríronse todos:10		
Renovación do plan de convivencia. Non se renova:0 Se renova anualmente: 10		
Desenvolvemento das actividades incluídas no plan de convivencia. Non se desenvolveu ningunha:0 Desenvolvéronse todas: 10		
Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa. Non hai implicación: 0 Implicación total: 10		
Funcionamento da comisión de convivencia. Moi deficitario: 0 Excelente: 10		
Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia. Non existiu coordinación:0 Coordinación moi alta:10		
Actividades formativas para membros da comunidade educativa dirixidas á mellora da convivencia. Non existen: 0 Fixéronse moitas: 10		
Existencia e coñecemento de protocolos de actuación en situacións de conflito, incluído condutas reprobables acaecidas fóra das aulas, en función de características específicas. Non existen: 0 Existen e aplicáronse con eficacia: 10		

Existencia, e coñecemento de protocolos de actuación encamiñados á detección, prevención e tratamento de situacións de acoso. Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia:10		
Existencia dun protocolo de funcionamento da aula de convivencia inclusiva. Non existen: 0 Existe e é moi eficaz: 10		
Existencia de procedementos conciliados de resolución de conflitos. Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia:10		
Existencia, e coñecemento, de propostas de acción específicas encamiñadas a favorecer a inclusión, así como a mellora da convivencia a través do éxito académico. Non existen: 0 Existen e aplícanse con eficacia: 10		
Valoración global da situación da convivencia escolar no centro. Moi negativa: 0 Moi positiva: 10		
PUNTUACIÓN TOTAL		

DOCUMENTO “TEMPO FORA”

Cando un alumno/a faga imposible poder dar clase, sairá da aula mandándoos para un sitio neutro. Un sitio que, non sendo incómodo, non teña nada que os poda distraer (ventás, lecturas, lugares con xente, persoas que lles dean conversación, etc).

Estarán atendidos por unha persoa adulta que os ignorará por completo, sen falar con eles.

Trátase de que se tranquilicen e de que se aburran tanto que desexen incorporarse de novo ao grupo.

A duración do illamento varía entre 5 e 15 minutos, segun idade do rapaz/a.

É importante que a orde de tempo fóra se dea de forma tranquila, sen berrar, que o alumno/a non observe crispación no profesorado.

Cando o rapaz/a se comporte de forma apropiada ou cun mínimo de alboroto, permitiráselle deixar o illamento.

Se se comporta de forma inadecuada, o tempo fóra iniciase de novo.

É importante ignorar reaccións dos suxeitos como agresións verbais ou discusións.

Esta medida adoptarase de maneira excepcional e cando a conduta do alumno/a impida o normal desenvolvemento da clase.

Pasos a seguir no tempo fóra aplicados ao alumnado que interrompe a clase

PASO 1 : Con tranquilidade, ordénase ao alumno/a que deixe de interromper.

PASO 2 : Se non obedece dáselle un aviso: “ se non deixas de interromper iraste ao tempo fóra”.

PASO 3: Se continúa, de forma tranquila e sen facer comentarios, condúcese a un lugar de illamento.

Unha vez alí, dicir: “como non deixas dar a clase quedarás aquí ata que che digan que podes saír”.

PASO 4: Ignoraranse os berros, choros, etc.

PASO 5: Logo do tempo indicado, volve á aula.

PASO 6: Unha vez no aula ordinaria. Se cambia o seu comportamento, eloxiaráselle.

Pero se volve a mesma conduta ou parecida, repítese o tempo fóra.



ENQUISA SOBRE CONVIVENCIA ESCOLAR PARA O ALUMNADO

PRESENTACIÓN:

Noso centro desenvolve un Plan de Convivencia escolar. Con esta enquisa preténdese saber como se atopan os estudantes na clase e no centro con respecto a este tema.

Queremos coñecer a túa opinión sobre os posibles problemas de convivencia no centro e sobre que se podería resolver. Non estás ante un exame e todas as respostas son válidas. Pedimos a túa colaboración. É moi importante que contestes coa máxima sinceridade.

A enquisa é anónima, non necesitas escribir o teu nome.

Para responder a enquisa, marca cunha X a resposta coa que estes máis de acordo. **MARCA UNHA SOA RESPOSTA.**

Moitas grazas pola vosa colaboración.

1. **Estou no curso:**

2. **Son un/a:** **Rapaz** **Rapaza**

3. **Este é o meu primeiro ano neste centro:** **Si** **Non**

4. **¿Cantos bos amigos tes no teu centro, que non estean na túa clase? Marca só unha resposta**

- Ningún
- Teño un bo amigo no meu centro
- Teño 2 ou 3 bos amigos no meu centro
- Teño 4 ou 5 bos amigos no meu centro
- Teño máis de 5 bos amigos no meu centro

5. Como te levas coa maioría de compañeiros e compañeiras do cole? Marca con “X”

Moi ben	
Ben	
Regular	
Mal	
Moi mal	

6. Cantos bos amigos tes na túa clase? Marca só unha resposta:

- Ningún
- Teño un bo amigo na miña clase
- Teño 2 ou 3 bos amigos en clase
- Teño 4 ou 5 bos amigos en clase
- Teño máis de 5 bos amigos en clase

7. Como te tratan os profesores e profesoras do cole? Marca con “X”

Moi ben	
Ben	
Regular	
Mal	
Moi mal	

8. Como che vai no cole? Marca con “X”

Moi ben	
Ben	
Regular	
Mal	
Moi mal	

9. Condutas que suceden no cole: Marca con “X”

9.1. Condutas positivas

	Nunca	Poucas veces	Bastantes veces	Moitas veces	Non sei
Atender as explicacións dos profesores					
Axudar a algún compañeiro/a nas tarefas da clase					
Pedir quenda para falar					
Evitar que se trate mal a algún compañeiro/a					
Facer as tarefas que nos mandan					
Obedecer e respectar aos profesores					

Traballar en grupo					
Ir en orde e silencio polos corredores, polas escaleiras e cando se vai ao aseo					
Intentar solucionar os conflitos pacificamente					

9.2. Condutas negativas

	Nunca	Poucas veces	Bastantes veces	Moitas veces	Non sei
Ameazar ou insultar					
Chegar tarde a clase					
Deixar de lado e non facer caso a algún compañeiro/a					
Desobedecer e non respectar aos profesores					
Dicir mentiras ou rumores sobre alguén					
Entrar e saír da clase sen permiso					
Insultar					
Interromper, molestar e non deixar dar clase aos profesores					
Non facer as tarefas ou deberes					
Non ter coidado co aseo e coa limpeza persoal					
Obrigado a algún compañeiro/a a facer cousas que non quere					
Pegar ou facer dano					
Poñer motes ou rirse doutra persoa					
Coller cousas dos demais					

10. Onde se producen máis problemas de convivencia no cole ? Marca con "X"

	Nunca	Poucas veces	Bastantes veces	Moitas veces	Non sei
No transporte escolar					
Ao entrar e saír do recinto do cole					
Ao entrar e saír da clase					
Durante as clases					
No recreo					
Nos aseos					
Nos corredores					
Nos intercambios de clase					
No comedor					
Nos arredores do cole					
A través de internet e do móbil					

11. Sufriches algunha vez algún tipo de conduta negativa, acoso ou falta de respecto? Marca con “X”

Si	
Non	
Sen resposta	

11.1. Se contestaches “Si” na 11, marca con “X”, a persoa ou persoas que te trataron así:

Alguén da miña clase	
Alguén do meu curso pero doutra clase	
Alguén dun curso maior ao meu	
Alguén dun curso menor ao meu	
Outras persoas do cole (profesores e outro tipo de persoal)	
Persoas que non están no cole	

11.2. Se contestaches “Si” na 11, que fixeches?, marca con “X”

Non fixen nada	
Díxenllo ao meu titor/a	
Díxenllo a outro/a profesores	
Díxenllo a alguén da miña familia	
Díxenllo a un compañeiro/a	
Díxenllo a un adulto/a do cole	
Defendínme atacando	
Defendínme fuxindo para que non seguisen	
Díxenlle/s que me deixaran en paz	
Intentei falar para resolver o problema	
Intentei non pensar no que sucedía	
Sentínme triste e abatido/a	

12. Cometiches algunha vez unha conduta negativa, acoso ou falta de respecto?

Si	
Non	
Sen resposta	

12.1. Se contestaches “Si” na 12 , marca con “X”, que tipo de sanción ou castigo impuxéronche:

Non me castigaron	
Informaron á miña familia	
Botáronme uns días do cole	
Mandáronme ir a Dirección ou a Xefatura de Estudos	
Tiven que estar traballando fóra da miña clase	
Quedar sen recreo	
Reparar o dano ocasionado (por ex. limpando ou arranxando o que estraguei)	
Botáronme fóra de clase	
Retiráronme algún obxecto persoal	
Ter que facer un traballo ou folla de reflexión sobre o que sucedeu	
Facer copias	

13. Sobre as decisións que se toman na clase e no cole para mellorar a convivencia, marca con “X” dependendo se estás ou non de acordo:

	Si	Non	Sen Resposta
Piden a opinión dos alumnos/as			
Digo a miña opinión na clase			
As normas son necesarias			
Cando non se compren as normas é lóxico que haxa consecuencias			
Cando hai un conflito precísase un adulto para solucionalo			
Cando hai un conflito precísase outra persoa que medie sen ter que ser un adulto			
Cando hai un conflito os profesores/as pasan do tema			
Teño claras as normas da miña clase			
Teño claras as normas do cole			
Sei cales son as consecuencias do incumprimento das normas			



ENQUISA SOBRE CONVIVENCIA ESCOLAR PARA AS FAMILIAS

Estimadas familias:

Por medio desta enquisa queremos coñecer a súa opinión sobre algúns aspectos relacionados coa convivencia escolar. Para elo, solicitamos que respondan a unha serie de preguntas que poden contestar sinalando cunha X a opción que parézalles máis apropiada para definir e identificar as situacións e os casos que se expoñen.

Por iso, pregamos que **cumprimentedes esta enquisa anónima coa maior sinceridade.**

MOITAS GRAZAS POLA SÚA COLABORACIÓN.

1. Na súa opinión, a convivencia no centro educativo, no últimos tres anos... :

Empeorou de xeito alarmante	
Empeorou lixeiramente	
Mellorou lixeiramente	
Mellorou moitísimo	
Sen resposta	

2. Considera que existen actualmente no centro problemas de convivencia?

Si	
Non	
De xeito puntual	
Sen resposta	

3. Sobre a formación en materia de convivencia escolar:

	Mala	Regular	Boa	Moi Boa	Sen resposta
A súa formación en materia de convivencia escolar é					
Coñecemento do profesorado e outros adultos do centro sobre os problemas de convivencia entre o alumnado					

4. Sobre o coidado dos materiais e as instalacións do centro:

	Totalmente en desacordo	Algo de acordo	Bastante de acordo	Sen resposta
No centro respéctase a propiedade pública e as propiedades privadas de cada quen				
Normalmente cóidanse os materiais e as instalacións				
O centro adoita estar limpo e coidado				

5. Sobre a participación activa na vida do centro a as relacións coa comunidade educativa:

Marque "X" nas afirmacións coas que está de acordo.

1. Achegámonos ao centro de cando en vez, solicitando cita co titor/a, sen sermos convocados	
2. Acudimos ao centro cando se nos convoca	
3. Amosamos interese polo/a noso/a fillo/a no referente ao seu comportamento	
4. Amosamos interese polos estudos do noso/a fillo/a e facemos seguimento continuado da súa evolución escolar	
5. Amosamos interese polos estudos do noso/a fillo/a pero non facemos seguimento continuado da súa evolución escolar	
6. Amosamos interese polos estudos do noso/a fillo/a só no referente aos resultados finais que reflicten as notas	
7. Anímase nos no centro a ter ideas propias e participar na mellora da convivencia (espírito crítico)	
8. Colaboramos en organizacións para mellorar o que sucede arredor do centro (barrio, vila...)	
9. O/a meu fillo/a cóntame as cousas que lle ocorren na clase	
10. Coñezo o tempo e os recursos electrónicos e dixitais que utiliza o/a meu fillo/a (Internet, videoxogos, redes sociais..)	
11. Creo que coñezo ben o/a meu fillo/a	
12. Desconfiamos da información do profesorado	
13. Falo co meu fillo/a a diario sobre como lle foi o día no centro	
14. Falo co meu fillo/a a diario sobre temas variados	
15. Na casa o/a meu fillo/a é comunicativo/a	
16. O centro dispón de espazos para desenvolver a nosa participación e actividades	
17. O centro programa os tempos de xeito que favoreza a participación	
18. O centro ten medios para transmitir a información ás familias por distintas vías	
19. O/a meu fillo/a adoita falar comigo sobre aqueles aspectos que lle preocupan	
20. O profesorado escóitanos e chegamos a acordos de actuación	
21. O profesorado escóitanos pero non chegamos a acordos de actuación	
22. Participo na ANPA do centro	
23. Participo nos órganos colexiados de goberno do centro (Consello Escolar)	
24. Recorremos á Dirección cando non hai acordo co profesorado	
25. Reunímonos as familias para buscar solucións de como mellorar a convivencia do centro	
26. Sentimos que formamos parte dunha comunidade escolar e dun proxecto común	
27. Teño a información necesaria para participar en algúns órganos do centro	

6. Sobre a condición de presunta vítima ou agresor/a , marque con “x”, a situación que viviu o/a seu fillo/a:

O/a meu fillo/a foi autor/coautor dalgunha conduta contraria á convivencia	
O/a meu fillo/a padeceu a condición de vítima dalgunha conduta contraria á convivencia	
O/a meu fillo/a non foi nin vítima nin autor/coautor dalgunha conduta contraria á convivencia	

7. De ser o caso, marque con “x”, as condutas contrarias á convivencia que padeceu o/a seu fillo/a:

1. Agresións físicas	
2. Agresións verbais	
3. Ameazas e insultos	
4. Ameazas e insultos empregando tecnoloxía da información e comunicación (redes sociais...)	
5. Mentiras e rumores	
6. Mentiras e rumores empregando tecnoloxía da información e comunicación (redes sociais...)	
7. Facer comentarios acerca da súa situación persoal ou sobre hábitos de hixiene	
8. Non telo en conta e excluílo dun grupo de amigos ou compañeiros	
9. Obrigarlle a facer cousas que non quere	
10. Observar a outros cometendo condutas contrarias á convivencia (meterse con outros ou danando material do centro)	
11. Poñer alcumes ou ridiculizar	
12. Situacións de acoso ou ciberacoso	
13. Roubos de diñeiro ou obxectos persoais	

8. De ser o caso, marque con “X”, as condutas contrarias á convivencia que cometeu o/a seu fillo/a:

1. Agresións físicas	
2. Agresións verbais	
3. Ameazas e insultos	
4. Ameazas e insultos empregando tecnoloxía da información e comunicación (redes sociais..)	
5. Mentiras e rumores	
6. Mentiras e rumores empregando tecnoloxía da información e comunicación (redes sociais..)	
7. Facer comentarios acerca de situacións persoais ou sobre hábitos de hixiene	
8. Non ter en conta e excluír dun grupo a outro/a compañeiro/a	
9. Obrigar a outros a facer cousas que non queren	
10. Danar material dos demais ou do centro	
11. Poñer alcumes ou ridiculizar	
12. Situacións de acoso ou ciberacoso	
13. Roubar diñeiro ou obxectos persoais	
14. Desobedecer e non respectar ao profesorado ou ao resto de adultos do centro	
15. Entrar e saír da clase sen permiso	
16. Interromper, molestar e non deixarlle dar clase ao profesor	
17. Negarse a facer as tarefas asignadas	
18. Non cumprir as normas de convivencia do centro e da aula	

Director	
Xefa de Estudos	
Secretario	
Conserxe	
Administrativa	
Titor/a	
Mestra música	
Mestre/a de educación física	
Mestre/a de inglés	
Mestre de relixión	
Mestres/as de apoio P.T/ A.L.	
Mestras de apoio	
Orientadora	
Persoal coidador	

10. Acostumo a apoiar as decisións que toma o/a titor/a ou o resto de profesores/as, sobre o comportamento do/a meu fillo/a:

Si	
Non	
Sen resposta	

11. Acostumo a estar informado/a dos eventos especiais que se realizan no centro:

Si	
Non	
Sen resposta	

	Mal	Regular	Bo	Moi Bo	Sen resposta
O clima de traballo e as relacións entre o profesorado					
As relacións co equipo directivo					
As relacións do profesorado co alumnado					
As relacións do alumnado co profesorado					
As relacións entre o alumnado					
As relacións do profesorado coas familias					
As relacións das familias co profesorado					
As relacións do persoal non docente co resto da comunidade educativa					
As relacións da comunidade educativa co contorno escolar					
As relacións do centro cos servizos sociosanitarios					
As relacións coa Administración educativa					

13. Os conflitos que se producen con máis frecuencia son:

	Nunca	Pouco	Algunhas veces	Moitas veces	Sempre	Sen resposta
Agresións verbais entre alumnado						
Agresións físicas entre alumnado						
Agresións verbais de profesorado a alumnado						
Agresións físicas de profesorado a alumnado						
Agresións verbais de alumnado a profesorado						
Agresións físicas de alumnado a profesorado						
Intimidación e acoso entre o alumnado						
Problemas entre o profesorado						
Deterioro grave do material e mobiliario						
Roubos						
Condutas disruptivas nas aulas(interromper a clase)						
Indisciplina (insultos, malas contestacións, falta de respecto)						
Absentismo escolar						



ENQUISA SOBRE CONVIVENCIA ESCOLAR PARA O PROFESORADO

O obxectivo da enquisa é coñecer como é a convivencia no centro, cales son os problemas e as estratexias de resolución que se poñen en practica para solucionarlos.

A enquisa é anónima, non necesita escribir o seu nome.

Para responder a enquisa, marque, por favor cunha X a resposta con a que este máis da acordo. MARCAR SÓ UNHA RESPOSTA.

Moitas grazas pola vosa colaboración.

- 1.Xénero: Home Muller
2. Son titor-a: Si Non
3. Cursos nos que imparto docencia: _____
4. Desempeño algún cargo no centro: Si Non

1. Considera ca convivencia no seu centro é :

- Moi boa
- Boa
- Regular
- Mala
- Moi mala

2. Na súa opinión, a convivencia escolar nos tres últimos anos foi:

- Igual que agora
- Mellorado lixeiramente
- Mellorado drasticamente
- Empeorado lixeiramente
- Empeorado drasticamente

3. Con que frecuencia danse estas situacións nas súas clases? Especifique o número aproximado de alumnos/as por clase que realiza cada conducta

1. Nunca 2. As veces 3. A miúdo 4. Moi a miúdo

	1	2	3	4	Nº ALUMNOS/AS		
					1-5	6-10	>10
Desobedecer e non respectar ao profesor							
Non cumprir as normas de comportamento na clase							
Interromper, molestar e non deixar dar clase ao profesor							
Obedecer e respectar ao profesor							
Negarse a facer as tarefas asignadas							
Cumprir as normas de comportamento							
Chegar tarde a clase							
Entrar e saír de clase sen permiso							
Absentismo							
Facer as tarefas encomendadas							
Atender ás explicacións							
Provocar, ridiculizar o insultar aos profesores							
Respectar o horario							
Outras (especificar):							

4. Con que frecuencia danse estas situacións no seu centro?
 1. Nunca 2. A veces 3. A miúdo 4. Moi a miúdo

	1	2	3	4
Profesores que tratan correctamente aos alumnos/as				
Pais e nais que se relacionan correctamente cos profesores				
Disputas, falta de entendemento e de colaboración entre os pais/nais				
Traballo en equipo entre o profesorado				
Traballo en equipo entre os pais/nais				
Traballo en equipo entre pais/nais e profesorado				
Disputas, falta de entendemento e de colaboración entre os profesores				
Disputas, falta de entendemento e colaboración entre Pais/nais e profesores				
Outras (especificar):				

5. Respecto ao coidado dos materiais, que sole ocorrer no seu centro?
 1. Nunca 2. A veces 3. A miúdo 4. Moi a miúdo

	1	2	3	4
Xeralmente se coida				
Rómpese material da clase e do centro				
Fan pintadas nas mesas, nas paredes, nos servizos...				
Rouban materiais				
Danan os vehículos e outras propiedades privadas				
Respectan a propiedade pública dos materiais do Centro				
Respectan a propiedade privada dos materiais de cada un				
Tiran vasoiras ao chan				
Danan as instalacións				
Outros (especificar):				

6. Con que frecuencia observa este tipo de conductas nos alumnos/as do seu centro?

1. Nunca 2. A veces 3. A miúdo 4. Moi a miúdo

	1	2	3	4
Agresións físicas				
Ameazar o insultar				
Obrigar a facer cousas que outro non quere				
Roubar diñeiro ou material				
Traballar en grupo				
Axudar a algún compañeiro nas tarefas de clase				
Poñer alcumes ou rirse doutra persoa				
Non ter en conta a algún compañeiro e excluílo dun grupo de amigos				
Dicir mentiras o rumores sobre alguén				
Opoñerse a tratos negativas cara a outros				
Axudar a algún compañeiro nos seus problemas persoais				
Outros (especificar):				

7. Ata que punto considera que os profesores e os adultos do centro coñecen os problemas de convivencia entre o alumnado?

- Nunca nos decatamos
- A veces nos decatamos
- A miúdo nos decatamos
- Sempre que sucede nos decatamos

8. Cos recursos cos que conta o centro, que solución considera máis correcta para afrontar os problemas de convivencia que xorden no centro?

1. Nada adecuado 2. Pouco adecuado 3. Adecuado 4. Moi adecuado

	1	2	3	4
Expor a mellora da convivencia como obxectivo central da intervención no Proxecto Educativo do Centro				
Acordar a aplicación rigorosa e sistemática das normas de convivencia				
Favorecer unha maior participación do alumnado e na solución de problemas				
Aplicar sancións estritas				
Facer máis grupos para alumnado con problemas de adaptación e aprendizaxe				
Deseñar e aplicar un Plan de Acción Titorial no que se aborde a disciplina e as normas de convivencia				
Adscribirse a plans e programas nos que se traballe convivencia				
Desenvolver en todos os membros da comunidade educativa habilidades sociais de comunicación e resolución de conflitos				
Crear diferentes grupos de traballo e figuras no centro para promover unha mellor convivencia (grupos de mediación, titorías entre iguais, etc.)				
Outras formas (especificar):				

9. Para manter a disciplina no meu aula

1. Nunca 2. A veces 3. A miúdo 4. Moi a miúdo

Desde o primeiro día, establezo as normas a seguir na clase				
O primeiro día de clase debato cos meus alumnos/as as normas de convivencia e as facemos explícitas				
Son puntual para comezar as miña clases				
Ante cuestións que ameazan a convivencia da clase interveño rapidamente				
Utilizo os castigos porque soen dar bo resultado e manteño a orde na clase				
Sento aos alumnos/as de forma estratéxica para poder telos controlados				
Síntome impotente para manter a orde na clase				
Outras (especificar):				

10. Cando hai conflitos de convivencia no centro/aula e é vostede quen os afronta, soe resolvelos...

1. Nunca 2. A veces 3. A miúdo 4. Moi a miúdo

	1	2	3	4
Dialogando para intentar chegar a acordos				
Con castigos colectivos o individuais (deixar sen recreo, sen viaxe de estudos, redución de nota, etc.)				
Con sancións (expulsión temporal del centro)				
Sermoneando				
Dando consellos aos alumnos				
Tratando o conflito entre todos (orientador, titor, especialistas, xefe de estudos e alumnado)				
Tratando o conflito na hora de titoría				
Enviando alumno/os ao director ou ao xefe de estudos				
Chamando aos pais/nais				
Non dándolle importancia e deixando pasar				
Non facendo nada				
Outras formas (especificar):				

11. Nos meus contactos coas familias dos alumnos/as nos últimos anos, percibo que ...

1. Nunca 2. A veces 3. A miúdo 4. Moi a miúdo

	1	2	3	4
Escoitan ao profesor e chéganse a acordos de actuación				
Escoitan ao profesor, pero non se chegan a acordos de actuación				
Recean da información do profesor e non asumen responsabilidades ante os problemas				
Non escoitan ao profesor e móstranse hostís cara a el				
Non acoden cando se lles convoca				
Mostran interese por os estudos dos fillos en fan un seguimento continuado da súa evolución escolar				
Mostran interese por os estudos dos fillos pero non fan un seguimento continuado da súa evolución escolar				
Mostran interese por os estudos des seus fillos só no referente aos resultados finais que reflectan as notas				
Non amosan interese por os estudos dos seus fillos				
Outros (especificar):				

12. Valore a importancia que teñen as seguintes causas nas conductas dos alumnos/as conflictivos:

1. Pouco importante 2. Algo importante 3. Importante 4. Moi importante

	1	2	3	4
Aumento da intolerancia na sociedade				
Falta de disciplina escolar				
Características da personalidade do alumno/a				
Problemas familiares				
Falta de formación do profesorado en técnicas de solución de conflitos				
Contexto social				
A ampliación da idade de escolarización				
Tipo de organización e clima do centro				
A obrigatoriedade desta etapa educativa				
Outros (especificar):				

13. A continuación valore de 1 a 4 as seguintes frases sobre a convivencia escolar con seguinte criterio:

1. Nada de acordo 2. Algo de acordo 3. Bastante de acordo 4. Totalmente de acordo

	1	2	3	4
Aínda que non cheguemos sempre a acordos, neste centro podemos manifestar as nosas opinións de maneira aberta				
A maneira que o equipo directivo aborda os problemas o conflitos é boa				
As regras e procedementos para tratar os problemas de disciplina son razoablemente coñecidos e compartidos por todos os membros da comunidade educativa				
Profesores e alumnado elaboramos conxuntamente un pequeno número de normas que se aplican de maneira razoable e construtiva				
Comunico con claridade aos alumnos/as que comportamento é adecuado e cal non, desde o inicio do curso				
Controlo rápida e axeitadamente as conductas disruptivas na clase				
Trato a todos/as os alumnos/as por igual e sen favoritismos				
No meu aula acéptanse as diferenzas individuais do alumnado e todos trátanse con respecto				
As interaccións cos meus alumnos/as son positivas e destaco os resultados do seu esforzo por aprender				

Solicito e teño en conta as opinións dos meus alumnos para resolver os problemas que xorden en clase				
No meu aula os alumnos/as están dispostos a participar nas actividades que se lles propón e a axudarse e apoiarse mutuamente				
Coñezo a todos meus alumnos/as				
Coido que as expectativas que teño ante cada alumno/a inflúen na miña relación con el				
Propoño con frecuencia aos meus alumnos/as traballos en grupo o por parellas				
Colaboro activamente con outros profesores do centro e estou disposto a participar en actividades conxuntas				

14. Como considera que son as relacións e a comunicación:

1. Moi malas 2. Malas 3. Boas 4. Moi boas

1 2 3 4

Entre os profesores				
Entre alumnos e profesores				
Entre alumnos				
Entre os profesores e o equipo directivo				
Entre as familias e os profesores				
Entre as familias				

15. Como cualificaría a súa formación sobre convivencia escolar:

- Moi boa
- Boa
- Regular
- Mala
- Moi mala

16. Que tipo de formación necesita sobre este tema?

- Cursos teórico
- Encontros profesores de diferentes tipos de centros
- Proxectos a longo prazo
- Encontros entre profesorado, familias e alumnado
- Outras(especificar): _____



ENQUISA PARA O PROFESORADO AULA DE CONVIVENCIA

Coa intención de avaliar os resultados da Aula de Convivencia e para facer as correccións oportunas, pedimos que cumprimentes esta enquisa.

Moitas grazas pola vosa colaboración.

1. En caso de que algún alumno/a fora a aula de convivencia, notaches algunha melloría na súa actitude?

- En ningún caso
- Só nalgúns casos
- En bastantes casos
- En todos os casos
- Outros.....

2. Como reacciona o grupo/clase cando un alumno/a vai á aula de convivencia:

- Non reaccionan
- Corrixen en algunha medida as súas actitudes negativas
- Non o toman en serio
- Agradecen verse libres dun alumno/a molesto
- Outros.....

3. Creo que a eficacia da aula de convivencia radica en que:

- Liberarte de alumnos/as molestos nun momento determinado
- Axuda a reflexionar a algúns alumnos/as
- Motiva a reacción dalgúns pais/nais
- Outros.....

4. Que farías para mellorar a Aula de Convivencia?

5. Se é titor/a, que porcentaxe de respostas recibiches dos pais, nais ou titores legais á notificación que enviamos?



ENQUISA SOCIOMÉTRICA PARA 1º, 2º, 3º E 4º CURSO DE 6 A 10 ANOS

NOME.....APELIDOS.....

CURSO..... CLASE.....

1. Quen son os tres nenos ou nenas da túa clase cos que máis che gusta xogar?

Por que che gusta xogar con eles?

2. Quen son os tres nenos ou nenas da túa clase cos que menos che gusta xogar?

Por que non che gusta xogar con eles?

3. ADIVIÑA quen é o neno ou a nena da túa clase que:

- 1. Ten moitos amigos e amigas.....
- 2. Está triste moitas veces.....
- 3. Rise e está contento ou contenta moitas veces.....
- 4. Axuda aos outros nenos e nenas.....
- 5. Non ten amigos ou amigas e moitas veces está só.....
- 6. Insulta ou pelexa con outros nenos e nenas.....

4. CANTO CHE GUSTA XOGAR OU ESTAR CON ?

NOME E APELIDOS	MOITO	REGULAR	POUCO



FICHA 1 DE AUTOREFLEXIÓN

Datos do alumno/a:

Nome e Apelidos:

Curso:

Data:

Datos do mestre/a que envía o alumno/a:

Nome e Apelidos:

Area:

Datos do mestre/a que realiza a entrevista na Aula de Convivencia:

Nome e Apelidos:

As emocións e estados de ánimo forman parte do noso día a día. Non podemos nin debemos evitalas, xa que constitúen respostas que damos ante os distintos acontecementos que nos suceden. Pero as emocións manifestadas de xeito incontrolado, súbito e desproporcionado poden apropiarse da nosa capacidade de raciocinio, impedíndonos actuar de forma axeitada, polo que poden orixinar moitos conflitos que desexamos evitar.

1. Cal creo que foi o motivo (causas) que desencadeo esta situación?

2. Cal foi a miña reacción?

4. **Reflexiono e recoñezo a miña parte de intervención no conflito**

5. **Que consecuencias tivo a miña actuación?**

6. **Como me sinto?, Por que?**

7. **Como creo que se sinte o mestre/a e os meus compañeiros/as?**

8. **Que faría eu se fora o mestre/a e algún neno/a se portara así comigo?**

10. A partir de agora. Cal pode ser a mellor maneira de actuar?

Esta ficha será realizada polo alumno/a axudado polo mestre/a de garda na Aula de Convivencia con quen analizará e modelará as reflexións que fai o rapaz/a.

Unha vez realizada a ficha o rapaz/a terá que cumprimentar a **ficha nº 1 Compromiso do alumno/a(dano moral)** ou a **ficha nº 1 Compromiso do alumno/a(dano material)** da Aula de Convivencia.

*Esta **Ficha nº1 de Reflexión** deberá ser entregada á xefatura de estudos que a gardará co resto da documentación da aula de convivencia.



FICHA Nº 1: COMPROMISO ALUMNO/A (dano moral)

Eu _____ comprométome a reparar o dano
causado a _____ (persoas afectadas) pola falta de
respecto a súa persoa _____ (insultándolle, mentindo,
gritándolle.....e impedindo o desenvolvemento da clase)

Para iso vou realizar as seguintes actividades(sinalar):

- Pedir desculpas
- Observar os aspectos positivos da persoa e dicirlos: _____
- Intentar non interromper nin facer o gracioso/a cando o mestre/a está explicando.
- escoitar sempre ao que te din e non contestar de forma impulsiva faltando ao respecto.
- Outras (indicar cales)

Co compromiso de que non se volva a repetir

Carril, _____ de _____ do 202

Asdo. O alumno/a

*Esta ficha nº1 de compromiso deberá ser entregado á xefatura de estudos que o gardará co resto da documentación da aula de convivencia.



FICHA Nº 1: COMPROMISO ALUMNO/A (dano material)

Eu _____ comprométome a reparar o dano
causado ao material _____ (persoas, común ou do
Centro)

Para iso vou realizar as seguintes actividades(sinalar):

- Pedir desculpas
- Arranxalo, reparalo, mercar outro.....
- Outras (indicar cales)

Co compromiso de que non se volva a repetir

Carril, _____ de _____ de 202

Asdo. O alumno/a

*Esta **ficha nº1 de compromiso** deberá ser entregado á xefatura de estudos que o gardará co resto da documentación da aula de convivencia.



FICHA 2 DE AUTOREFLEXIÓN

Datos do alumno/a:

Nome e Apelidos:

Curso:

Data:

Datos do mestre/a que envía o alumno/a:

Nome e Apelidos:

Area:

Datos do mestre/a que realiza a entrevista na Aula de Convivencia:

Nome e Apelidos:

Unha vez lida a ficha que cumprimentaches a última vez contesta con atención ás seguintes preguntas:

Escribe o teu compromiso da primeira ficha.

De todo o exposto:

- Que saíu mal?

- Por que pensas que foi así?

- Que podes facer para que as cousas saian mellor?

NOVO COMPROMISO.

- Para mellorar a miña actuación persoal comprométome a:

A segunda vez que o alumno/a acude á aula de convivencia, o alumno/a realizará esta segunda ficha de reflexión e será axudado polo mestre/a de garda na aula de convivencia, con quen analizará e modelará as reflexións que fai o rapaz/a.

Unha vez realizada a ficha o rapaz/a terá que cumprimentar a **ficha nº 2 de compromiso do alumno/a** da aula de convivencia.

*Esta **ficha nº 2 de reflexión** deberá ser entregada á xefatura de estudos que a gardará co resto da documentación da aula de convivencia.



FICHA Nº 2: COMPROMISO ALUMNO/A

A primeira e segunda vez que pasaches pola “Aula de Convivencia” comprometíche a:

1. Cres que cumpriches os teus compromisos?

2. Por que o rompiches? (Sinala a resposta correcta)

- a) Por esquecemento
- b) Por culpa doutras persoas. Que pasou para que digas iso?
- c) Outras razóns. Cales?

3. Como te sentes despois de romper os compromisos? Tes que ter en conta que a próxima vez terás outro tipo de corrección que xa non será a “Aula de Convivencia”.

4. Que estás disposto a facer para que non volva a suceder?

Agora vas facer un novo compromiso coa intención de que sexa respectado sempre. Unha persoa pode faltar a súa palabra e contradicir un acordo unha vez, pero non continuamente, máis aínda se temos en conta que o primeiro beneficiado es ti. A próxima ocasión non poderemos axudarte nesta Aula, posto que isto non serve para corrixir a túa conduta e a Dirección do Centro terá que tomar outras medidas segundo Plan de Convivencia do centro.

Carril, _____ de _____ de 202

Asdo. O alumno/a

*Esta **ficha nº2 de compromiso** deberá ser entregado á xefatura de estudos que o gardará co resto da documentación da aula de convivencia.



PARTE DE INCIDENCIAS (conduta disruptiva)

A cumprimentar polo titor/a ou mestre/a especialista

DATOS DO ALUMNO/A:

Nome e apelidos: _____ Curso: _____

DATOS DO MESTRE/A:

Nome e apelidos: _____

Area: _____ Data: _____ Hora: _____

ANTECEDENTES:

Conduta disruptiva habitual que presenta o alumno/a:

MEDIDAS TOMADAS CON ANTERIORIDADE:

- Charla individual co alumno/a Data: _____
- Comunicación coa familia: Telefónica Reunión Persoal Comunicación escrita
Data: _____
- Amoestación previa: Non Si Tipo: _____
Data: _____
- Outras medidas
reparadoras: Data: _____

FEITOS ACAECIDOS:

Lugar: _____ Data: _____ Hora: _____

Breve relato dos feitos:

Categorización:

Desconsideración	Deterioro de material	Ameazas
Desobediencia	Insultos	Agresión
Impide dar clases	Berrar	Outros (especificar):

Programa de Habilidades Sociais

CEIP PLURILINGÜE ROSALÍA DE CASTRO

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. XUSTIFICACIÓN
3. QUE SON AS HABILIDADES SOCIAIS?
4. HABILIDADES SOCIAIS E ESTILOS DE RELACIÓN.
5. OBXECTIVOS XERAIS.
6. TÉCNICAS DO ADESTRAMENTO EN HABILIDADES SOCIAIS.
7. PROGRAMA DE TRABALLO.
8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.
Follas de rexistro
9. ORIENTACIÓNS XERAIS DIRIXIDAS A FAMILIAS.
10. BIBLIOGRAFÍA.

1.- INTRODUCCIÓN

A educación en valores xustifícase pola necesidade de comprometernos a unhas normas sociais que están presentes na vida cotiá. Os valores serven para guiar as condutas das persoas.

No noso centro, pretendemos incorporar procesos de ensino aprendizaxe relativos a valores de solidariedade, igualdade, diálogo, xustiza, responsabilidade e respecto. E por outra banda, ao considerar aos alumnos como membros da sociedade en que vive consideramos necesario dotalos duns valores cívicos e de convivencia pacífica, en contraposición á utilización da violencia, a discriminación, a inxustiza, o abuso, etc...

O noso proxecto educativo contempla a educación en valores que se transmiten principalmente a través dos temas transversais nas distintas áreas para:

1. Desenvolver o xuízo moral a través da formación de capacidades que permitan reflexionar sobre os conflitos que poidan presentarse e resolvelos adecuadamente.
2. Adquirir os coñecementos necesarios para poder axuizar criticamente.
3. Formar capacidades para facer coherente o xuízo e a acción moral.

Só desta forma conseguiremos, ademais de ensinar, educar e construír unha personalidade humana e forte. Todos os valores que configuran a personalidade do ser humano son o fundamento do diálogo que fará posible a paz entre todos os pobos.

Os valores unan vez interiorizados convértense en guías e pautas de conduta que nos axudan a aceptarnos e estimarnos tal como somos, construír os nosos propios criterios, establecendo unha relación equilibrada estando por encima dos propios intereses persoais.

A nosa proposta de traballo céntrase na adquisición e interiorización de habilidades sociais utilizando unha metodoloxía útil e práctica, utilizando estratexias didácticas moi específicas: lecturas comentadas, debates, mesas redondas, xogos, estudo de casos, imitación de modelos... Pero igualmente consideramos necesario que todos os implicados, alumnos, pais e profesores participemos de forma efectiva e coherente.

Seleccionamos da Concreción curricular obxectivos e contidos conceptuais pero sobre todo actitudinais que posteriormente concretaremos nos distintos bloques.

2.-XUSTIFICACIÓN

As repercusións da falta de competencia social no alumnado son numerosas e complexas, aínda que poden resumirse nas seguintes:

- As dificultades emocionais, sociais e de conduta derivadas da falta de habilidades sociais están en ocasións na base das dificultades de aprendizaxe do alumando. Noutros casos, son ditas dificultades de aprendizaxe as que parecen orixinar os problemas de competencia social, por exemplo, conflitos co mestre/a, compañeiros/as ou familia.
- As dificultades ligadas á falta de competencia social afectan o benestar emocional e social do alumando, benestar que a escola debe promover como un ben en si mesmo. A escola debe educar, pero a educación que debe proporcionar a escola non se esgota en proporcionar ao alumnado coñecementos e habilidades que os capaciten profesionalmente. Quizais sexa un tópico, pero non por iso debemos esquecerlo, que a escola debe educar para a vida, e para levar unha existencia feliz é necesario ter unha visión positiva dun mesmo e dos demais, relacionarse adecuadamente cos que lle rodean e ter amigos, entre outras capacidades vinculadas directamente ás habilidades sociais.

No contexto escolar, as manifestacións infantís e adolescentes da falta de competencia social poden ser moi variadas: ansiedade, tristeza, retraimento social, problemas de concentración ou desinterese académico que conduce mesmo ao absentismo escolar, dificultades na relación cos compañeiros ou o profesor que se materializan en condutas disruptivas na aula ou mesmo en agresións ao mestre e os compañeiros, entre outras condutas antisociais.

Interésanos destacar que aínda que sexan as manifestacións conductuais máis rechamantes -condutas disruptivas, agresións, etc.- as que con máis frecuencia reclamaron a atención dos educadores, non podemos esquecernos daqueles alumnos/as con fenómenos conductuais máis situados na esfera do temor e a inhibición, xa que a escola debe dar resposta a todas as manifestacións dos déficits en habilidades sociais, e non só a aquelas que causan dificultades na convivencia escolar e no clima da clase.

É competencia e obrigación da escola promover as habilidades sociais do alumnado. Ademais, a escola é o lugar máis adecuado para levar a cabo programas de ensino de habilidades. Son varias as razóns de tal idoneidade:

- O adestramento en habilidades sociais é máis eficaz cando se realiza en grupo, dado que os outros nenos son unha importante fonte de aprendizaxe, xa sexa a través de procesos de imitación ou de aprendizaxe social, e proporcionan oportunidades únicas para o exercicio destas condutas.
- Os compañeiros/as son unha importante fonte de apoio emocional para estas aprendizaxes.

Este programa de Habilidades Sociais elabórase de acordo co DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Artigo 24. Medidas complementarias para a mellora da convivencia

1. O departamento de orientación de cada centro elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.

Así mesmo, elaborárase e desenvolverase un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Este programa aplicarase coordinadamente entre o departamento de orientación e o profesorado titor, que procurarán implicar o resto do profesorado e as familias e, de ser o caso, os servizos sociais correspondentes, para lograr conxuntamente o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

2. Poderán desenvolverse, ademais, programas que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconceito e a autoestima, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, traballo cooperativo, educación afectivo-sexual e a igualdade entre homes e mulleres.

3- QUE SON AS HABILIDADES SOCIAIS?

As **HABILIDADES SOCIAIS** son un *conxunto de capacidades que permiten á persoa manter adecuadamente unha interacción social, expresar sentimentos, pensamentos, actitudes, desexos, opinións, etc. de maneira asertiva, é dicir respectando os dereitos dos demais.*

A definición máis integradora é a recollida por **Gil** (1993), que as define como condutas aprendidas (e por tanto, poden ser ensinadas), que se manifestan en situacións interpersoais, socialmente aceptadas (o que implica ter en conta normas sociais e normas legais do contexto sociocultural no que teñen lugar, así como criterios morais), e orientadas á obtención de reforzamentos ambientais ou auto reforzos.

Como características máis relevantes das habilidades sociais destacamos as seguintes:

1. **As habilidades sociais son condutas manifestas**, observables, que se mostran en situacións de interacción social. Tales capacidades poden ensinarse e/ou mellorarse a través da aprendizaxe reforzada socialmente, xa sexa de carácter incidental ou como consecuencia dun adestramento específico.
2. **As habilidades sociais están orientadas á obtención de determinados obxectivos ou reforzos**. O tipo de reforzamento pode ser:
 - a. Reforzamento ambiental: inclúe a consecución de obxectivos de carácter material e/ou social, como obter recoñecemento público, aumentar o número de amigos, etc.
 - b. Auto reforzo: ser socialmente competente proporciona gratificacións persoais ao sentirse capaz de desenvolver determinadas habilidades de maneira eficaz nas situacións de interacción, o que leva pensamentos positivos que aumentan a autoestima.
3. **As habilidades sociais son respostas específicas a situacións específicas**. Para que unha conduta sexa socialmente eficaz deben terse en conta as variables que interveñen en cada situación na que se exhibe a destreza social. Sinálanse os seguintes determinantes situacionais:
 - a. As áreas ou contextos sociais nos que habitualmente se desenvolve o suxeito: familiar ou escolar.
 - b. As persoas coas que se relaciona o suxeito e as súas características: sexo, idade, familiaridade, etc.
4. **As habilidades sociais están constituídas por diversos compoñentes**, que se encadran de maneira integrada en tres sistemas de resposta:

- a. Compoñentes condutuais: condutas concretas que implican, á súa vez, elementos non verbais, paralingüísticos e verbais.
- b. Compoñentes cognitivos: percepción, atribución ou interpretación do significado das distintas situacións de interacción social.
- c. Compoñentes fisiolóxicos: elementos afectivos e emotivos e os seus correlatos psicofisiolóxicos (ansiedade, ritmo cardíaco, etc.).

A exhibición dunha habilidade social determinada esixe a combinación adecuada deste tres compoñentes.

4.-HABILIDADES SOCIAIS E ESTILOS DE RELACIÓN

Cada persoa ten o seu estilo de relación cos demais, o cal depende de factores como a personalidade e as experiencias de aprendizaxe social. Os expertos establecen tres estilos básicos:

A)INHIBIDO - PASIVO: Non di nada sobre o comportamento que lle molesta, evita actuar por medo, aborda a situación usando camiños indirectos que denotan inseguridade. Permite que os demais lle pisen, non defende os seus intereses, fai o que din os outros sen importar o que el mesmo pensa. Non fai respectar os seus dereitos.

B) AGRESIVO: Demanda un cambio inmediato nos demais, usa a intimidación, o sarcasmo, ou apela á violencia física. Aparecen condutas de pelexa, acusación, ameaza. Non ten en conta os sentimentos nin os dereitos dos demais, para conseguir os seus obxectivos.

C) ASERTIVO: un estilo **ADECUADO** porque axuda a realizar os seus obxectivos interpersoais. Expresa o que quere, de modo directo e honesto, indica claramente o que desexa da outra persoa pero mostrando respecto por ela. Defende os seus propios intereses, expresa opinións libremente. Non permite que os demais se aproveiten, obtén o que desexa sen ocasionar trastorno nos demais.

A asertividade é a arte de expresar clara e concisamente os teus desexos e necesidades a outra persoa mentres es respectuoso co punto de vista do outro.

5.- OBXECTIVOS XERAIS

- Desenvolver o auto coñecemento de si mesmo, a identidade persoal, o autoconceito.
- Identificar os sentimentos nun/a mesmo/a e nos demais, expresándoos de forma correcta e precisa.
- Dialogar e participar en conversacións e situacións de interacción entre iguais.
- Facer uso dos xestos como elementos non verbais da comunicación.
- Traballar en equipo compartindo as cousas e as responsabilidades, aprendendo a comunicarse, a cooperar, a ser solidario e a respectar as regras do grupo.
- Solucionar eficazmente problemas de relación social que xorden na vida cotiá.
- Reforzar socialmente aos demais mediante o eloxio de condutas positivas.
- Comunicar aos demais os propios desexos ou peticións con cortesía e amabilidade.
- Distinguir entre críticas xustas e inxustas. Admitilas, no seu caso, e expresar educadamente os desacordos.
- Manexar aqueles pensamentos negativos que deterioran a autoestima e a competencia social, substituíndoos por outros máis eficaces.
- Aprender a tomar decisións de forma rápida, correcta e oportuna para polas en práctica en situacións cotiás de carácter individual e/ou grupal.

6.- TÉCNICAS DO ADESTRAMENTO EN HABILIDADES SOCIAIS

1) Instrucións

Son explicacións claras e concisas, centradas na conduta que vai ser obxecto de adestramento en cada sesión. De cara a unha maior eficacia deben incluír:

- a. Información específica sobre os comportamentos adecuados.
- b. Razóns que xustifiquen a importancia das devanditas condutas, así como da necesidade de executalas. Neste sentido, é importante implicar ao propio suxeito neste proceso, de forma que sexa el mesmo quen suxira exemplos ou dea razóns que xustifiquen o novo comportamento.
- c. Para facilitar a súa comprensión e recordo, deben incluír información breve, en frases curtas, cunha linguaxe intelixible (evitando tecnicismos innecesarios) no que se empreguen categorías explicativas explícitas, claras e usuais, e repítanse os conceptos fundamentais.

2) Modelado

Consiste na exhibición, por parte dun “modelo”, dos patróns adecuados daqueles comportamentos que son obxecto de adestramento.

Os seus obxectivos céntranse en:

- a. Proporcionar aos suxeitos a oportunidade de observar formas posibles de desenvolver as condutas que posteriormente deberán ensaiar.
- b. Facilitar a aprendizaxe de condutas novas, así como a inhibición e/ou desinhibición de condutas existentes no repertorio conductual do suxeito.

3) Ensaio conductual

Consiste na práctica por parte dos suxeitos dos comportamentos obxectivo, previamente observados nos “modelos”. Esta práctica repítese tantas veces como sexa necesario ata que os suxeitos alcancen o nivel de execución adecuado.

Consta de tres modalidades:

- a. *Ensaio real*: o suxeito ten a oportunidade de practicar as condutas obxectivo con outro/s interlocutor/é nunha situación social, xa sexa real ou simulada.
- b. *Ensaio encuberto*: o suxeito debe imaxinarse executando as condutas, ben nun contexto de adestramento ou proba, ben nun contexto da vida real.
- c. *Ensaio mixto*: empréganse as modalidades anteriores dunha forma combinada.

4) Retroalimentación

Nesta fase proporciónase información correcta e útil ao suxeito acerca da actuación que tivo no ensaio condutual. O seu obxectivo é moldear as condutas do suxeito, de forma que vaia conseguindo progresivamente un nivel de execución o máis idóneo posible. En definitiva, preténdese que o suxeito saiba que condutas executou correctamente e cales debe mellorar. Debe efectuarse de forma inmediata á realización dos ensaios.

A retroalimentación pode ser proporcionada por membros expertos do equipo de adestramento, polos compañeiros e, tamén, polo propio suxeito. É fundamental que este analice a súa actuación, co fin de que desenvolva unha capacidade de autoobservación e de autovaloración do impacto do seu comportamento sobre si mesmo e sobre a contorna social.

5) Reforzo

Esta técnica consiste en proporcionar aos suxeitos a motivación necesaria para que afronten as melloras que van obtendo e continúen de forma eficaz os adestramentos. Resulta crucial para moldear as condutas e asegurar o mantemento das mesmas.

O reforzo pode ser verbal (expresado en forma de encomios, recoñecemento de méritos ou aprobación da conduta do suxeito) ou material (adoita ser máis utilizado con nenos con

necesidades educativas especiais). Así mesmo, pode ser proporcionado por membros expertos do equipo de adestramento, por outros compañeiros do grupo e polo propio suxeito. Neste último caso, o suxeito ha de saber valorar o seu comportamento e proporcionarse o reforzo adecuado, sen infraestimar nin sobreestimar os seus logros.

6) Estratexias de xeralización

Refírense a a manifestación dos comportamentos en condicións distintas ás da aprendizaxe ou adestramento inicial. Os seus obxectivos concrétnanse nos seguintes:

- a. Mantemento: manifestación do comportamento en momentos posteriores.
- b. Transferencia: manifestación do comportamento en contextos diferentes a aquel en que se aprendeu.

Unha das principais estratexias de xeralización centradas no ambiente real son as “tarefas para casa”, que consisten en tarefas precisas, similares ás adestradas, e que se programan para que o suxeito execúteas en condicións da vida real.

Na **táboa 1** exponse, de maneira esquemática, as técnicas comentadas e os seus respectivos obxectivos

Técnicas empregadas nos Adestramentos en Habilidades Sociais	
Técnicas	Obxectivos
Instrucións	Informar as condutas adecuadas
Modelado	Facer demostracións das condutas adecuadas
Ensaio condutual	Práctica das condutas
Retroalimentación e reforzo	Moldeamento e mantemento das condutas exhibidas polo suxeito
Estratexias de xeneralización	Facilitar a xeneralización das condutas aprendidas

7.- PROGRAMA DE TRABAJO

Proposta para todos os niveis:

- Este Programa incorpórase ao Plan de Convivencia.
- Cada nivel escollerá as habilidades concretas que se desenvolven co alumnado dentro do seu grupo de referencia.
- En 3 anos consideramos que a adaptación ao Centro é a labor fundamental, polo que o Programa iníciase en 4 anos.
- Os responsables de levalo a cabo son os/as titores/as.
- Avaliaremos o progreso do alumnado segundo as táboas dos items que se inclúen no Programa.

Grupo I: Habilidades Sociais Básicas:

1. escoitar.
2. Falar amablemente.
3. Falar con firmeza.
4. Dar as Grazas.
5. Recompensarse uno mesmo.
6. Pedir Axuda.
7. Pedir un Favor.
8. Ignorar a alguén.

Grupo II: Habilidades Relacionadas coa Escola:

9. Facer unha Pregunta.
10. Seguir Instrucións.
11. Tentar Cando é Difícil.
12. Interromper.

Grupo III: Habilidades Para Facer Amizades:

13. Saudar a Outros.
14. Interpretar a Outros.
15. Unirse a un Grupo.
16. Esperar a Quenda.
17. Compartir.

18. Ofrecer Axuda.
19. Pedirlle a Alguén que Xogue.
20. Participar nun Xogo.

Grupo IV: Manexo dos Sentimentos:

21. Coñecer os Propios Sentimentos.
22. Manexar o sentirse Excluído.
